

Num. 284



Febreiro 2011

Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635



sindicato
labrego galego
comisións labregas

De Galiza a Bruxelas: a loita por uns prezos xustos continúa



Na imaxe da esquerda, encontro das organizacións agrarias galegas coa Ministra de Agricultura, Rosa Aguilar, en Compostela; en primeiro plano, Xosé Manuel Parente (de costas) e Carme Freire. Abaixo, a comitiva da Coordinadora Europea da Vía Campesina que se reuniu co Comisario de Agricultura, Dacian Ciolos, en Bruxelas; Isabel Vilalba é a primeira pola dereita.



Durante o mes de xaneiro sucedéronse os contactos a todos os niveis para que as novas Política Agraria Común (PAC) e política leiteira arbitren mecanismos que garantan prezos remuneradores para os produtos

agrarios que cubran os custes de produción e deixen un salario digno polo traballo nas explotacións. Así, en representación da Coordinadora Europea da Vía Campesina, Isabel Vilalba reuniuse co Comisario Europeo de Agricul-

tura, Dacian Ciolos; e Lidia Senra participou no Comité Consultivo de Agricultura da Comisión Europea. A maiores, Carme Freire e Xosé Manuel Parente mantiveron un encontro coa Ministra de Agricultura, Rosa Aguilar. **Páxs. 11 e 17**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García Rodríguez
Colaboracións: Carme Freire,
Lidia Senra, Ana Rodríguez, Borja
López, Xabier Gómez Santiso,
Manuel Docampo, Isabel Vilalba,
Antonio Villarino, Charo Sánchez
Parga e Diego Sánchez Agra.

Deseño e maquetación:

Xosé García Rodríguez
Sede da redacción:
Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixonfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixonfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
SANTA COMBA - R/ Carmen
Santiso,nº22, baixo. Tif. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tif. 981 682908
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º.Tif: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tifno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
O BARCO - Casa sindical
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tif. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrechán B. Tif: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTif/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.
982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
MEIRA- R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrechán 3. Tif.
986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal
1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 718 526

2 / Sumario

nº 284
Febreiro de 2011



Editorial

- A reforma das pensións. Un novo ataque ás clases populares que se ceba cos labregos e coas labregas.....**3**

Galiza

- Privatizan unha competencia de Galiza para facer negocio coa auga....**4 e 5**
- Programa para mellorar a calidade de vida da xente maior no rural do Ribeiro.....**6**
- Concentración de protesta polo impago do CES.....**6**
- O SLG apoiou a folga xeral do 27 en defensa dos intereses labregos.....**7**
- A nova colonización da Galiza polas grandes empresas enerxéticas....**8 e 9**
- Contactos para que os partidos políticos protexan o agro nos concellos..**10**
- Queima de restos agrícolas e forestais.....**10**

Aldea Global

- Isabel Vilalba reuniuse co Comisario de Agricultura para pedir prezos remuneradores / Lidia Senra participou no grupo consultivo de agricultura da Comisión Europea.....**11**

Caderno Central

- Xornadas sobre a historia do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas: da clandestinidade até a legalización. Os C.A.L.L.

Sectores Gandeiros

- Boa nova para os sectores gandeiros: a vacina contra a lingua azul xa non é obrigatoria.....**12**
- Relatorio do Congreso de Vacún de Carne.....**13 e 14**
- Relatorio do Congreso do Leite.....**15 e 16**
- Carme Freire: “O Ministerio cometerá un erro histórico se obriga a asinar contratos sen garantía de prezo”.....**17**
- Crónica do Seminario Europeo do Leite: O leite europeo quere contratos con prezo base e negociación colectiva.....**18 e 19**
- A desidia da Xunta e do Goberno privan de 4 millóns de euros ao leite galego.....**21**

Sectores agrarios

- Un congreso para renovar a aposta do Sindicato Labrego por unha viticultura social.....**22 e 23**
- O SLG pide a retirada de sancións e mellora de controis en Rías Baixas..**23**
- Petición directa á Ministra de Agricultura para protexer as nosas uvas....**23**

Montes

- O SLG pide axudas para a xente afectada polo nematodo do piñeiro.....**24**

Mulleres

- A Secretaría das Mulleres achegou as súas propostas para a cotitularidade.....**25**

- Eira.....26 e 27**



A reforma das pensións: un novo ataque ás clases populares que se ceba cos labregos e coas labregas

Cando o Sindicato Labrego Galego puxo en marcha unha campaña de mobilización das labregas e dos labregos, no marco da folga xeral do 29 de setembro, denunciaba a ditadura dos mercados á que estamos sometidos e sometidas. Esta ditadura imponnos, día tras día, novas reformas que os gobernos, como é o caso do español, aceptan mansamente coa total conivencia do principal partido da oposición.

Diciamos, naquel momento, que cómpre que as cidadás e os cidadáns deamos a batalla para recuperar a capacidade de decisión que, como pobo, nos corresponde.

A reforma das pensións é unha máis das medidas impostas polos denominados mercados, que non veñen ser outros que os bancos, as multinacionais e as entidades de inversión financeira que -a través de organismos como o Fondo Monetario Internacional, o Banco Mundial ou a Organización Mundial do Comercio-, imponen reformas que os gobernos converten en políticas. Estas políticas prexudican gravemente ás clases populares para favorecer a especulación á que nos ten sometido o capital financeiro.

Nos últimos tempos, e baixo o argumento da austeridade, tentan convencernos de que, para garantir o benestar social, hai que acometer reformas que se traducen en leis que permiten a privatización de servizos públicos moi importantes para a sociedade; e que converten en mercadoría recursos naturais imprescindíbeis para a vida que son de todas e de todos, como é o caso da auga, entre outros.

Mentres a nós nos piden austeridade para equilibrar os orzamentos, non din que a razón do desequilibrio orzamentario está, precisamente, na cantidade de millóns do erario público que os gobernos, o noso entre eles, empregaron no que, eufemisticamente, se

deu en chamar “rescate dos bancos”. Dá vergoña escoitar como eses mesmos grandes bancos, que foron rescatados, seguen amasando, á conta dos nosos impostos, miles de millóns de euros de beneficios. O 6 de febreiro soubemos que, por exemplo, o BBVA gañou 4.606 millóns de euros no ano 2010. Desafortunadamente, o traspaso de diñeiro público para os máis ricos e especuladores non queda só nesa cantidade entregada aos bancos. Cada día vemos como, a través de diferentes políticas, os gobernos e as institucións europeas transfiren cada vez máis diñeiro público aos máis poderosos.

“Atrasar a idade de xubilación aos 67 anos, aumentar a 25 os anos para o cálculo das pensións e subir a 38 anos e medio o tempo de cotización para cobrar o cen por cen da pensión, terán un impacto tremendamente negativo para as labregas e os labregos”.

Despois de que o Goberno aprobase a reforma laboral, o Banco Mundial xa dixo que España tiña que reformar as pensións. Para pór en marcha esta última, o Goberno conseguiu, desta vez, un acordo social entre os sindicatos Comisións Obreiras e UGT, a patronal, e o propio Goberno. En base ao acordado neste pacto, o Goberno asegurou o aval para sacar adiante unha lexislación que vai debilitar fortemente o sistema público de pensións, para convertelo nunha fonte de negocio máis para os bancos e as empresas de seguros. Trátase de abrir as portas a unha nova privatización que, unha vez máis, constitúe un serio ataque ás clases populares do Estado Español.

Atrasar a idade de xubilación aos 67 anos, aumentar a 25 os anos

para o cálculo das pensións e subir a 38 anos e medio o tempo de cotización para cobrar o cen por cen da pensión, terán un impacto tremendamente negativo para as labregas e os labregos. No momento de escribir esta editorial, aínda non houbo tempo material para entrar a cuantificar os impactos, pero estímase que as pensións da agraria no Estado poderían verse reducidas nun 30% ou nun 40%.

No caso das labregas, a situación na Galiza é aínda máis delicada, dado que se veñen incorporando máis tarde a cotizar; en moitos casos, por motivos económicos, ao redor dos cincuenta anos de idade.

No noso país, esta reforma xa tivo a primeira resposta coa folga xeral convocada pola CIG, o 27 de xaneiro, e que o SLG apoiou coa súa participación nas manifestacións. Pero cómpre seguir adiante. Cómpre seguir tecendo alianzas entre as organizacións que nos opoñemos a esta reforma para dar novas respostas a esta agresión e para impedir novos ataques.

Cómpre non caer na demagogia e no discurso fácil. Os nosos inimigos non son as traballadoras e os traballadores doutros sectores, con maiores salarios ou con convenios mellores. O noso inimigo é o sistema capitalista, que aproveita cada momento no que as clases populares baixamos a garda para botar abaixo as conquistas sociais polas que tanto loitaron os nosos maiores, polas que moitos e moitas tiveron que sufrir condenas no cárcere e, nalgúns casos, pagar a súa loita coa propia vida.

Temos a responsabilidade de que as xeracións futuras herden un mundo máis xusto, no que poidan seguir dispoñendo de servizos públicos de calidade, dun sistema público de pensións mellorado, e no que os recursos naturais non sexan propiedade de ninguén e sigan estando para uso e disfrute de todas e de todos.

Privatizan unha competencia de Galiza para facer negocio coa auga

Coa nova lei, a Xunta cede a xestión da auga e o seu control e seguimento parlamentarios a mans privadas

A Lei de Augas de Galiza supón a maior grande agresión aos dereitos fundamentais de todos os galegos e galegas nos últimos anos. A auga para alimento e aseo é fundamental para as per-

soas, os animais e as plantas; é indispensable para a vida e para o sostemento do planeta; e tamén é necesaria para a actividade industrial ou de lecer. Detrás da febre privatizadora

dos partidos maioritarios que responden as dinámicas do neoliberalismo, está posibilitar o negocio e a especulación e que os gobernos e institucións cedan o seu poder ás multinacionais.

Esta cesión de poder dos gobernos e das institucións públicas favorece o total dominio e control das multinacionais sobre as persoas, as institucións e os estados.

Até a entrada en vigor da Lei de Augas de Galicia, en xaneiro de 2011, a Xunta tiña todas as competencias en materia de auga, xestionando e planificando integramente a conca Galicia-Costa, e participando nas concas compartidas con outras comunidades autónomas (Miño-Sil, Támega-Douro e Eo). A Xunta valíase do organismo autónomo de carácter administrativo Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

Por medio desta lei, o Parlamento Galego aproba

converter a empresa Augas de Galicia ao dereito privado, pasando a rexerse segundo as normas do mercado libre, e lle traspasa todas as competencias en materia de augas que tiña o Executivo Galego, perdendo o Parlamento as labores de seguimento e control. Isto significa que, amais de privatizar un servizo público, privatizouse unha competencia que foi do Estado até o ano 1986 (Real Decreto 2792/1986 de 30 de decembro) e que foi transferida á Comunidade Autónoma de Galicia. Falta saber se a privatización dunha competencia dun Goberno é inconstitucional, ou se, pola contra, todo vale na xestión do público con tal de sacar beneficio privado.



A Lei de Augas legaliza o cobro dun recurso público como a auga, sexa da choiva, dos ríos, dos pozos ou das traídas pagadas pola veciñanza

Augas de Galicia fica agora a mercé do capital privado

As empresas que funcionan segundo o dereito privado son xuridicamente sociedades anónimas (SA). No caso de Augas de Galicia, as únicas limitacións son as establecidas na propia Lei de Augas. Pero nada impide que Augas de Galicia se poda converter en empresa mixta ou de capital privado. Por poñer un exemplo: en Telefónica dende os anos 50 até a súa privatización no 1997, o Estado só tiña o 32,6%, pero aparecía como empresa pública nas estatísticas oficiais.

Son numerosos os expertos que afirman que o dereito xurídico debe estar determinado pola función ou

natureza do servizo a prestar, situando no dereito público ós servizos públicos administrativos ou actuacións sobre un ben de natureza pública; e, no dereito privado, os servizos públicos de carácter comercial ou industrial. A Lei de Augas de Galicia converte a auga en ben puramente mercantil, perdendo o seu carácter social, universal e público.

En consecuencia, coa perda do carácter público da auga, a Lei de Augas adapta o seu vocabulario, usando unha nova denominación Ciclo da Auga, no lugar de Dominio Público Hidráulico, para referirse a todo o que ten que ver coa auga.

Planificación e infraestruturas hidrolóxicas baixo a lei do lucro

Esta Lei permitirá facer negocio coa planificación hidrolóxica, coa construción de infraestruturas que normalmente se fan con axudas públicas, co prezo a pagar polo uso do ben, polo consumo de auga, coa taxa polo subministro, e co canon a pagar pola depuración (canon de vertido).

Pero tamén está nas concesións de uso e no propio uso. O capítulo máis importante ao referirnos ao uso é a produción de enerxía hidráulica, seguido dos diferentes usos industriais. Tamén existe a posibilidade de facer negocio coa venda de auga transvasada a outras comunidades.

Na actualidade existen 68 centrais hidroeléctricas nos ríos galegos, das que 34 superan a potencia de 10.000 Kilowatios. Ademais, existe a ameaza de 64 solicitudes de novos encoros pendentes de ser autorizados.

De nada lle serviu a Galiza o feito de que, xa dende a ditadura de Franco, se convertera na comunidade con maior produción de enerxía hidroeléctrica da península. Pola contra, as zonas con maior densidade de encoros son as máis despoboadas e empobrecidas por mor do asolagamento de núcleos e terras fértiles, corte de comunicacións e empeoramento climático.

Tamén existe un grande negocio na venta de auga embotellada e engarrafada, que supera os 150 litros persoa / ano no Estado Español, e que vai en aumento en relación directa coa mala calidade da auga das traídas urbanas. Esta mala calidade ten que ver máis cos tratamentos das empresas subministradoras, privadas na súa maioría, que coa súa calidade en orixe.

As expropiacións e as grandes infraestruturas que teñen que ver co até agora chamado “dominio público hidráulico” foron feitas con cartos públicos, e nada fai pensar que, no futuro, non siga sendo así, sen que en ningún caso revertese no público e moito menos na cidadanía.

A pesar de que a Lei de Augas foi aprobada e publicada en decembro de 2010, na paxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aparece o

Augas de Galicia: unha empresa privatizada que xestionará case 90 millóns de euros públicos no 2011

proxecto de orzamentos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, empresa suprimida coa entrada en vigor da Lei 9/2010 de Augas de Galicia. Nestes orzamentos podemos ver como os cartos previstos en infraestruturas hidráulicas para o presente ano 2011 é de 89.124.058 €, que saen na súa totalidade das arcas públicas (18.064.754 € do Estado, 30.257.514 € da Comunidade Autónoma, 38.127.354 € da Unión Europea, e 2.674.435 € dos concellos). Todo este diñeiro público transfírenllo á empresa Augas de Galicia para a construción de obras hidráulicas, ao que haberá que sumar as axudas á

propia xestión hidrolóxica e todos os impostos a recadar que teñen que ver coa competencia en materia de augas e coa propia Lei de Augas.

A privatización do subministro das augas urbanas en Galiza foi anterior a esta lei, así como tamén a rede de sumidoiros e a depuración de augas residuais daqueles concellos que prestan ese servizo. Os concellos teñen a obriga de subministrar auga potable e saneamento a todas as vivendas. O prezo que os usuarios e as usuarias pagan pola prestación destes servizos non podería ser superior ao custe real do servizo, pero é ben sabido que tanto as taxas de subministro como o

canon de vertido, que fixan e regulan os concellos, serven para aumentar os beneficios das empresas dedicadas a estes traballos, as que normalmente incumpren os prezos de condicións polos que se lles adxudica este servizo, en moitos casos con concesións a 50 anos. Algunhas das principais empresas subministradoras aos núcleos urbanos son: ACUALIA en Vigo, EMALCSA en A Coruña e AQUAGEST en Ourense e Pontevedra.

Os partidos políticos, os movementos sociais e a sociedade galega, en xeral, non poden mirar para outro lado mentres vemos que se privatiza un ben e un dereito fundamental para a nosa supervivencia como especie. Por iso, debes poñerte en contacto coa oficina máis próxima do SLG e acudir e participar en todas as asembleas e accións que se están convocando por todo o noso País para parar a Lei de Augas.

Como afecta o canon da auga á agricultura?

Para usos agrícolas, forestais e gandeiros suxeitos a canon existe unha parte fixa de 2,50 € por contribuínte / mes e unha variable de 0,005€ / m³.

Non estarán suxeitos ao pago do canon sempre que non exista contaminación por fertilizantes, pesticidas ou materia orgánica.

No caso de aplicarse o canon en función da contaminación, a empresa Augas de Galicia determinará de oficio a cantidade a pagar



Unha granxa de leite de 50 vacas pagará uns 40 € cada ano

O cálculo está feito para un consumo de 1.825 m³ / ano (100 litros por vaca e día).

$1.825 \times 0,005 \text{ €/m}^3 = 9,13 \text{ €}$
 $2,50 \text{ € (cota fixa/mes)} \times 12 \text{ meses} = 30 \text{ €}$

EXEMPLOS:



Unha explotación de patacas en regadío pagará 80 € por hectárea

O cálculo está feito para un consumo de 10.000 m³ de auga por hectárea e ano.

$10.000 \times 0,005 \text{ €/m}^3 = 50 \text{ €}$
 $2,50 \text{ € (cota fixa/mes)} \times 12 \text{ meses} = 30 \text{ €}$



Unha explotación con 3.500 m² de invernadeiro pagará máis de 30 €

O cálculo está feito para un consumo de 300 m³ de auga por ano.

$300 \times 0,005 \text{ €/m}^3 = 1,50 \text{ €}$
 $2,50 \text{ € (cota fixa/mes)} \times 12 \text{ meses} = 30 \text{ €}$

Programa para mellorar a calidade de vida de xente maior no rural do Ribeiro

Grazas a un convenio entre o Sindicato Labrego Galego e Solidariedade Interxeracional, desenvólvense durante todo o mes de xaneiro, na comarca do Ribeiro, varias actividades formativas dirixidas ao colectivo da terceira idade. Así, Solidariedade Interxeracional, en colaboración co SLG, levaron ao medio rural ribeirao un ambicioso programa formativo que tiña por obxectivo mellorar a calidade de vida non só das persoas maiores e dependentes, senón tamén das súas familias, nun entorno como o do campo onde o envellecemento da poboación é máis acusado.

En canto ás actividades, en Ribadavia fíxose un curso de capacitación de coidado-

ras non profesionais de persoas maiores en situación de dependencia, cuxa duración foi de 50 horas. Ás clases asistiu unha quincena de mulleres para pórse ao día en temas como os principais factores de dependencia, a preparación para poder coidar persoas dependentes, hábitos de vida saudábeis, psicoestimulación, etcétera.

Asemade, en Castrelo de Miño, tivo lugar un obradoiro de estimulación da memoria que foi seguido por quince mulleres de avanzada idade (entre 65 e 90 anos). Esta actividade durou até o 28 de xaneiro, e nela combínoose unha parte teórica, onde se falou de temas coma os tipos de memoria, o envellecemento e fallos cerebrais,



Entre as actividades do Ribeiro para os maiores, desenvólvese un obradoiro de estimulación de memoria en Castrelo de Miño

ou as diversas estratexias e técnicas para mellorar o rendemento memorístico; cunha parte práctica, na que se fixeron actividades de mellora dos procesos de atención e recordo e técnicas de relación.

Este amplo programa completouse cunha charla sobre a Lei de Dependencia e un obradoiro de Internet, actividades ámbalas dúas que repetiron tanto en Ribadavia como en Castrelo de Miño.

Concentración de protesta polo impago do CES

4 de marzo, en Compostela diante da Consellaría de Medio Rural

Infórmate no teu local do SLG

Ante o anuncio da Consellería do Medio Rural de que non se van aprobar as novas solicitudes do Contrato de Explotación Sustentable (CES) do ano 2010, ante o impago dunha parte importante do CES do ano 2009, ante a situación na que se encontran as explotacións que remataron as agroambientais no ano 2010, e ante a falta dunha resposta clara a todas estas cuestións, o Sindicato Labrego Galego convoca unha concentración e asemblea pública diante da Consellería do Medio Rural en Santiago de Compostela o día 4 de marzo.

O SLG esíxelle ao Conselleiro que, se non hai cartos, o diga publicamente e nos aclare por que non os hai, e que non meta ás explotacións en gastos pola desinformación que sufrimos.



O SLG apoiou a folga xeral do 27 en defensa dos intereses labregos

A reforma das pensións impulsada polos partidos e sindicatos maioritarios é moi lesiva para o agro

O Sindicato Labrego Galego apoiou a folga xeral do 27 de xaneiro, convocada pola Confederación Intersindical Galego (CIG), e acudiu coas súas bases ás manifestacións de Compos-

tela, Lugo, Ourense, Verín e O Barco. Desta maneira, o SLG expresou o seu máis firme rexeitamento á reforma das pensións e recortes sociais que vai levar adiante o Goberno Central e

que prexudicarán a todo o colectivo labrego pero, en especial, ás mulleres, que verán como leis negociadas e redactadas por homes afondan na discriminación que seguen a sufrir.

De ir para adiante esta reforma, suporía unha estocada mortal para o agro galego, que se vería afectado de dous xeitos claros. En primeiro lugar, afectaría directamente á saúde da xente que se dedica a producir alimentos. A actividade agraria esixe grandes esforzos físicos que, ao longo dos anos, acaban derivando en enfermidades e doenzas propias deste sector que afectan, principalmente, á columna vertebral e ás artculacións óseas.

Dado que estamos a falar dun sector que cotiza no réxime de autónomos e que, polo tanto, non ten dereito a unha xubilación anticipada, o normal é chegar aos 65 anos nunhas condicións físicas penosas e moi mingadas. Aumentar a idade de xubilación até os 67 alongaría o traballo de homes e mulleres que, en circunstancias normais, chegan con serias dificultades físicas aos 65. Por se non abundase, estas enfermidades propias da actividade labrega non están recoñecidas como doenzas laborais.

■ 10.000 euros máis a pagar por persoa

En segundo lugar, a reforma afectaría directamente aos ingresos económicos dunhas explotacións agropecuarias que, nas circunstancias actuais, están a camiñar pola corda frouxa, moitas veces vendendo por debaixo dos custes pola constante caída de prezos e incrementos continuados dos gastos. Aumentar a cotización até os 67 suporía para



cada cotizante acabar pagando arredor duns 10.000 euros máis ao final da súa vida laboral.

Ademais, aumentar os 15 anos de cotización obrigatorios a 25 está a provocar que moitos labregos e labregas que tiñan intención de comezar a cotizar aos cincuenta para poder ter dereito a unha pensión, xa non o vaian facer por non quedar-lles vida laboral suficiente; mesmo moitas persoas que cotizan poden deixar de facelo por non dar chegado ao mínimo de anos cotizados que se pretenden esixir.



Á dereita, dúas imaxes na manifestación en Compostela, con presenza do Sindicato Labrego, pola folga xeral do 27 de xaneiro; arriba, Carme Freire ofrecendo unha rolda de prensa para denunciar o impacto da reforma das pensións no colectivo labrego

As mulleres labregas son as principais damnificadas

Nun contexto de perda de renda constante nas explotacións polos baixos prezos percibidos, e de aumento dos custes, este problema afecta, especialmente, ás mulleres labregas que, a pesares de traballar xunto ao seu cónxuxe nas explotacións, habitualmente non cotizan por problemas económicos até os últimos anos da súa vida laboral, a pesares de facer o mesmo traballo.

Está claro que as únicas beneficiarias destas reformas van ser as aseguradoras privadas. Para o Sindicato Labrego Galego, non poden pagar os custes desta crise as clases populares e, en especial, os labregos e as labregas, provocando, unha vez máis, o engrosamento de beneficios dos grandes poderes económicos á costa dunha vida digna para as persoas.

A nova colonización da Galiza polas grandes empresas da enerxía

O apoio da Xunta a todo tipo de usos enerxéticos do solo está a pór en xaque a nosa produción de alimentos

Atopámonos nun momento no que a ocupación do noso territorio para outros usos que non son a produción de alimentos é desapiadada. Neste caso, falamos da produción de

enerxía, sexa eólica, hidráulica, mineira, agrogás, agromasa, etcétera. Estase a converter en algo cotián e xustificado. Con este modelo enerxético, a nosa terra –cos seus ventos,


montes e augas- estase a converter no teto da vaca do que todos queren mamar e que, agora mesmo, conta co apoio entusiasta e cómplice da Xunta de Galiza.

O modelo enerxético actual, baseado na extracción e transformación do petróleo, é imposible de manter. Por iso, os grandes grupos enerxéticos e as súas filiais comezan a ver as posibilidades de mercado e de beneficios que hai nas chamadas enerxías renovables e verdes; termo hipócrita, este último, pois tras das enerxías “verdes” agáchase o esquilmo e o aproveitamento lucrativo de recursos naturais que son de todas e todos: o sol, a auga, o vento, a terra, básicos para a nosa vida e para a nosa actividade profesional como produtores e produtoras de alimentos.

As grandes empresas da enerxía especulan, apoiadas por lexislacións e gobernos permisivos. Na Galiza, estamos a sufrilo coas ultimas actuacións do Goberno Galego: modificacións na Lei do Solo, Directrices de Ordenación do Territorio, escuros concursos para o reparto eólico, a invasión das terras agrarias por cultivos de agromasa, a Lei de Augas, etcétera. A Xunta está a legislar para apoiar esta depredación salvaxe e irracional do noso territorio, do noso medio rural e das nosas vidas.

Os ataques que estamos a sufrir no noso medio rural non deben de quedar sen denunciar. Que modelo de territorio queremos? Quere-mos permitir que o noso territorio se converta no subministrador enerxético do Estado?

Imolo permitir, aínda sabendo que o meirande desta produción enerxética é para exportar fóra de Galiza e



Mapa no que se detalla a colonización do territorio galego por parques eólicos, centrais de agromasa, centrais térmicas e encoros. Zona coloreada = Zona colonizada. Fonte: Sindicato Labrego Galego

que non nos vai beneficiar, nin sequera dende o punto de vista do subministro ou do prezo da enerxía, nin ao noso territorio nin á nosa cidadanía?

As empresas e multinacionais, maioritariamente foráneas, repártense o pastel; as súas negociacións e alianzas cos gobernos enchen os medios de comunicación,

Pero, quen nos preguntou a nós se queríamos este modelo? Quen nos preguntou se queríamos esta colonización legal do noso medio rural e do noso litoral?

Renuncia ao sustento alimentario polo lucro dunhas poucas empresas

A verdade é que toda esta problemática nin se debate nin se cuestiona. Dende os medios de comunicación estase a manipular á opinión pública para que acate o modelo: temos que consumir; consumir, mesmo, por riba das nosas capacidades reais para que as grandes empresas do sector enerxético sigan a incrementar os seus milmillonarios beneficios económicos.

Nembargante, en ningures se di que se a nosa terra se dedica a producir enerxía, daquela non vai poder producir alimentos, e ningún cuestiona a dependencia externa de subministro de alimentos a que nos vai con-



ducir este modelo de ocupación enerxética do noso territorio.

Tampouco cuestiona ningún onde van instalarse os parques eólicos, as plantas de agromasa, os cultivos enerxéticos. E a nós, que vivimos no medio rural e do medio rural como labregas e labregos, ningún nos pregunta se este modelo nos serve.

A nosa terra ten vocación

de producir alimentos. A necesidade de protexer, manter e aumentar a superficie agraria útil do noso país é básica e imprescindible para manter un medio rural vivo e sustentable. En concreto, a premisa de preservar, polo menos, un 33% do territorio como terra agraria para producir alimentos é básica para nós.

Dende as institucións e o Goberno fálase de biodiversidade, ecoloxía, protección do medio, Rede Natura, cambio climático, etcétera, mais a realidade é que legislan contra nós, estannos a esnaquizar o territorio e a negarnos como país a capacidade a desenvolver o noso dereito á soberanía alimentaria.

Impacto de cultivos enerxéticos, parques fotovoltaicos, eólicos, agromasa, e agrogás

- Ocupación do territorio, en competencia directa coa produción de alimentos.
- Expropiacións e cambios no uso do solo.
- Desaparición de labregas e labregos. Desertización do agro. Sangría de postos de traballo. Emigración. Desmantelamento do agro.
- Monocultivos e agrotóxicos. Transxénicos.
- Intensificación do modelo produtivo na contra do benestar animal. (Concentración animais, medicación, inseguridade alimentaria).
- Impacto paisaxístico, acústico, na flora, na fauna e no patrimonio.
- Dependencia das multinacionais na alimentación da sociedade.

A NOVA AGROMUTUA

O NOSO
SEGURO
en todos os
Campos



NOVA CAMPAÑA DE CONTRATACIÓN



SEGUROS
AGRARIOS
COMBINADOS

EXPLOTACIÓNS
AGROPECUARIAS,
COMPLEMENTOS DO
SEGURO AGRARIO,
RESPONSABILIDADE
MEDIOAMBIENTAL



AUTOS,
TRACTORES,
ACCIDENTES,
FOGAR, VIDA...



Presentámosche

A NOVA AGROMUTUA.

Grazas á túa confianza durante máis de 25 anos, agora podemos ofrecerche moito máis para que poidas asegurar tamén as outras cousas importantes da túa vida.

AGROMUTUA é o teu Seguro en todos os Campos.



AGROMUTUA
O Noso Seguro do Campo

SEDE SOCIAL

R/ Pérez Pujol, 5 - 1ª
46002 Valencia
Fax: 963 53 11 96

OFICINA MURCIA

R/ Matadero Viejo, 6
Edif. Segura 1ª D
30002 Murcia
Fax: 968 90 15 10

902 50 44 43

agromutua@agromutua.es
www.agromutua.es

Contactos para que os partidos políticos protexan o agro dende os concellos

A menos de tres meses das eleccións municipais de maio, o Sindicato Labrego Galego iniciou unha rolda de entrevistas con representantes dos diversos partidos políticos que van optar ás alcaldías galegas. Polo de agora, celebráronse cinco encontros: o 17 de xaneiro, co BNG da comarca de Lugo; o 2 de febreiro, co PP; o 3 de febreiro, con Esquerda Unida; o 10 de febreiro do BNG; e o 11 de febreiro co PSOE.

A intención destes contactos foi a de facerlle chegar ás diversas forzas que van competir polas alcaldías galegas as principais demandas do medio rural que poden ser apoiadas e defendidas dende os poderes locais que se formen tralos comicios de maio.

Indo ao concreto, o SLG achegou aos partidos políticos cuestións como que se mantenga nos planeamentos unha porcentaxe suficiente de terra agraria para a produción de alimentos e o

desenvolvemento das diversas actividades agropecuarias.

Outra reivindicación tivo que ver con oporse ás recentemente aprobadas Directrices de Ordenación do Territorio, que pretenden concentrar os servizos basicamente nos grandes núcleos; fronte a estas directrices, o SLG transmitiulle aos partidos políticos a necesidade de reclamar que se manteñan e melloren servizos de proximidade nos pequenos concellos rurais, tanto para as explotacións como para a cidadanía en xeral. Tamén se incidiu en que se potencien e apoiem, dende os concellos, fórmulas de comercialización local para os produtos das explotacións.

Unha das peticións tivo que ver con que os novos gobernos municipais que saian tralas eleccións de maio sigan o exemplo dos concellos que xa teñen declarado o seu territorio como zona libre de transxénicos.



Dúas imaxes dos encontros: arriba, co PPdeG na súa sede central de Compostela; abaixo, con Esquerda Unida na sede do SLG

Nestes encontros, o SLG reclamou que, dende os consistorios, se defenda ao medio rural fronte a agresións como a recente reforma da Lei do Solo, que permite que se destine a usos

industriais a terra de especial protección agraria; ou a Lei de Augas de Galicia, que privatiza un dereito básico para a cidadanía e terá especial impacto nos labregos e nas labregas.

Queremos poñer no voso coñecemento que o teléfono habilitado para a solicitude de autorizacións e comunicacións de queima de restos forestais e agrícolas -012- non é gratuito, ademais de atoparse colapsado a maioría das veces, xa que se trata dun teléfono xenérico de atención cidadá para numerosas xestións. A tramitación dos permisos de queima estase a levar a cabo sen ningún problema a través das oficinas dos Distritos Forestais:

■ **Distrito I.** Ferrol: 981 337 341 - 981 337 347 ; Comarcas do Eume, Ferrol e Ortegal.

■ **Distrito II.** Bergantiños – Mariñas Coruñesas: 981 775 870 ; Comarcas da Coruña, Bergantiños e de Betanzos.

■ **Distrito III.** Santiago – Meseta interior: 981 682 095 ;

Comarcas de Arzúa, Ordes, Compostela e Terra de Melide.

■ **Distrito IV.** O Barbanza: 981 824 059 ; Comarcas da Barcala, O Barbanza, Noia, Muros e O Sar.

■ **Distrito V.** Fisterra: 981 707 470 ; Comarcas de Fisterra, Terra de Soneira e Xallas.

■ **Distrito VI.** A Mariña Lucense: 982 561 018 ; Comarca da Mariña (occidental, central e oriental).

■ **Distrito VII.** A Fonsagrada – Os Ancares: 982 360 713 ; Comarcas da Fonsagrada e Os Ancares.

■ **Distrito VIII.** Terra de Lemos: 982 889 123 - 982 889

120 ; Comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.

■ **Distrito IX.** Lugo – Sarria: 982 294 545 - 982 209 527 ; Comarcas da Ulloa, Lugo e Sarria.

■ **Distrito X.** Terra Cha: 982 523 440 ; Comarcas de Meira e Terra Cha.

■ **Distrito XI.** O Ribeiro – Arenteiro: 988 274 436 ; Comarcas do Carballiño e O Ribeiro.

■ **Distrito XII.** Miño – Arnoia: 988 237 896 ; Comarcas de Allaríz-Maceda, Ourense e Terra de Celanova.

■ **Distrito XIII.** Valdeorras – Trives: 988 325 144 ; Comarcas de Terra de

Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras.

■ **Distrito XIV.** Verín – Viana: 988 411 451 ; Comarcas de Viana e Verín.

■ **Distrito XV.** A Limia: 988 444 419 ; Comarcas da Limia e Baixa Limia.

■ **Distrito XVI.** Deza – Tabeirós: 986 794 494 ; Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

■ **Distrito XVII.** O Condado – A Paradanta: 986 683 905 ; Comarcas do Condado e A Paradanta.

■ **Distrito XVIII.** Vigo – Baixo Miño: 986 335 455 ; Comarcas do Baixo Miño e Vigo.

■ **Distrito XIX.** Caldas – O Salnés: 986 501 129 - 986 566 028 ; Comarcas de Caldas, O Morrazo, O Salnés e Pontevedra.

Queima de restos agrícolas e forestais

Isabel Vilalba reuniuse co Comisario de Agricultura para pedir prezos remuneradores

A activista do SLG defendeu ante Dacian Ciolos unha reforma da PAC que protexa os intereses labregos

A inminencia dunha nova reforma da Política Agraria Común (PAC) e da política leiteira da UE, están obrigando a dobrar os esforzos e contactos da Coordinadora Europea da Vía Cam-

pesina (ECVC) para tentar que estas mudanzas se fagan a favor dos intereses das explotacións labregas e da cidadanía. Neste marco habería que inscribir a xuntanza da ECVC co

Comisario Europeo de Agricultura, Dacian Ciolos, o pasado 27 de xaneiro, na que participou a secretaria de Soberanía Alimentaria do SLG, Isabel Vilalba.

Vilalba e os seus compañeiros e compañeiras da ECVC denunciaron ante Ciolos que algúns dos obxectivos pretendidos pola nova Política Agraria Común (PAC) que se está deseñando, non se van cumprir coas reformas feitas públicas até o de agora. Estes obxectivos son, principalmente, dous: garantir unha produción alimentaria suficiente, san e de calidade para toda a Unión Europea; e conservar os postos de traballo nos sectores agrarios.

Para cumprir estes obxectivos, afirmou Vilalba, “precisamos, en primeiro lugar, ter estabilidade nos prezos e que as rendas dos labregos e das labregas veñan, principalmente, a través de prezos remuneradores nos produtos agrarios, que deberían cubrir os custes de produción e o traballo”. Para termos eses prezos, Isabel Vilalba subliñou que é imprescindible que haxa unha regulación dos mercados e control da produción para evitar que se produzan excedentes que provoquen a caída dos prezos.

A delegación da ECVC tamén criticou ante Dacian Ciolos o sistema de axudas á agricultura que se mantén coa actual PAC. Respecto disto, defenderon que as axudas teñan topos, para evitar que se sigan a dar subvencións millonarias a grandes corporacións e terratenentes, como acontece hoxe en día; e que se lles concedan só a aqueles activos agrarios que, coa súa actividade, estean proporcionando bens á sociedade en forma de produción de ali-



Isabel Vilalba, á esquerda, formou parte da comitiva da ECVC que se reuniu con Ciolos o 27 de xaneiro

mentos de calidade, estruturación e xestión do territorio e do medio rural, e prácticas beneficiosas para o medio ambiente.

Finalmente, tamén se lle fixo entrega a Dacian Ciolos da táboa reivindicativa do sector leiteiro emanada do seminario europeo que o

Sindicato Labrego Galego organizou, os pasados 21 e 22 de xaneiro, en Compostela (ver páxina 19 deste Fouce).

Lidia Senra participou no Grupo Consultivo de Agricultura da Comisión Europea

Precisamente, a secretaria de organización do SLG, Lidia Senra, acudiu ao Grupo Consultivo de Agricultura da Comisión Europea en calidade de responsábel do sector lácteo da ECVC e para defender a postura da Coordinadora na reforma da política leiteira. Foi o pasado 11 de xaneiro, en Bruxelas, e o acto estivo coordinado polo director xeral de Agricultura da CE, Xosé Manuel Silva.

Lidia Senra explicou que “as medidas que se propoñen para a reforma da política leiteira non van resolver a crise, nin van evitar futuras crises. Parécenos que unha proposta que privatiza a política leiteira e que lle segue a dar prioridade a exportación, non vai polo bo camiño”.

A responsábel do sector lácteo da ECVC dixo non entender o porque se lle daba prioridade á exportación e á produción intensiva

“cando estamos a importar soia dun xeito masivo, e cando aos produtores e produtoras se nos está a impor un prezo para o noso leite por debaixo dos custes de produción, e cando, ademais, se está a exportar por baixo dos custes reais de produción”.

Como alternativa, Lidia Senra avogou pola necesidade “de manter unha política leiteira pública que regule a produción e que regule o mercado. Parécenos fundamental manter instrumentos de xestión da oferta”.

En canto aos contratos, “se non hai negociación colectiva -en troques de fragmentada ou individual como se nos propón- para un prezo remunerador, van ser un elemento máis negativo ca positivo”, polo que defendeu “regras para abordar esa negociación colectiva de cara a que os produtores e produtoras poidamos ter un prezo remunerador na Unión Europea”.

Boa nova nos sectores gandeiros: a vacina contra a lingua azul xa non é obrigatoria

A campaña reivindicativa do SLG na Galiza acada éxito ante a cesión da Consellaría e do Ministerio

A secretaria xeral do Sindicato Labrego, Carme Freire, e o secretario dos sectores gandeiros, Adolfo Cabarcos, ofreceron unha rolda de prensa, o pasado 25 de xaneiro en

Compostela, para congratularse pola fin da obrigatoriedade para a vacina contra a enfermidade da lingua azul no gando. Freire cualificou isto como “unha boa nova para todos os sec-

tores gandeiros deste país”, máxime tralos enormes estragos causados polas campañas obrigatorias de vacinación nas nosas cabanas gandeiras de vacún, ovino e caprino.

A falta de información por parte dos organismos competentes non permite ofrecer cifras sobre o impacto causado polas campañas de vacinación obrigatoria na nosa cabana gandeira. Nembargante, en palabras de Adolfo Cabarcos, estes danos “foron superiores aos causados polo mal das vacas tolas”.

Carme Freire explicou que “a lingua azul é unha enfermidade puramente animal, que non se transmite aos humanos nin na cadea alimentaria, á que se lle pode dar un tratamento veterinario selectivo, caso por caso. Dende logo, os danos causados pola vacina foron moi superiores aos que tería causado a enfermidade por si mesma. Por exemplo, no sector ovino temos constancia de explotacións que perderon a súa cabana gandeira completa por mor da vacina”.

■ Batallando dende o ano 2008

Pola súa banda, o secretario dos sectores gandeiros do SLG foi o encargado de lembrar os máis de tres anos de loita que, en solitario, desenvolveu esta organización agraria na Galiza contra a vacinación obrigatoria. Foi a finais de verán do 2008 cando se deron os primeiros focos da enfermidade na Mariña lucense; en setembro dese ano, iniciábase a primeira campaña de vacinación obrigatoria para os gandos vacún, ovino e caprino.

A raíz das primeiras vacinas, comezaron a manifestarse as consecuencias ad-



A secretaria xeral do SLG, Carme Freire, e o secretario dos sectores gandeiros, Adolfo Cabarcos, compareceron, o 25 de xaneiro, diante os medios de comunicación para anunciar a fin da vacina obrigatoria

versas do tratamento: abortos, esterilidade e baixa fertilidade tanto en machos como en femias, coxeiras, caídas de produción leiteira e mortes de animais.

“Dende ese intre”, lembrou Cabarcos, “o Sindicato Labrego Galego comezou a mobilizarse contra a vacina, tanto nas súas manifestacións públicas como

realizando todo tipo de contactos coas administracións competentes. A súa reivindicación principal, que a vacina fose voluntaria e non obrigatoria”.

A loita estendeuse a todo o Estado grazas á Plataforma pola Libre Vacinación do Gando

O 20 de maio de 2010, uníndose a colectivos de todo o Estado Español, o Sindicato Labrego contribuíu a fundar a Plataforma pola Libre Vacinación do Gando. Tamén, en setembro do mesmo ano, organizaba un seminario centrado nesta problemática onde se deu a coñecer unha situación semellante nos sectores gandeiros franceses.

Os primeiros resultados desta loita reivindicativa tivémolos o 30 de decembro de 2010, cando se publicou unha orde ministerial a través da cal a vacina contra o serotipo 8 pasaba a ser voluntaria, e a do serotipo 1 obrigatoria só até o 30 de xuño de 2011. Porén, o 1 de xaneiro, o director xeral de producións agropecuarias da Consellaría de Medio Rural, Xosé Álvarez Robledo, anunciou que a vacina contra a lingua azul pasaba a ser voluntaria na Galiza.

A situación actual ante esta enfermidade é que os gandeiros e gandeiras que queiran vacinar ao seu gando terán que solicitalo voluntariamente na oficina agraria comarcal que lles corresponda. Respecto disto, o secretario dos sectores gandeiros do SLG vaticinou que “van ser moi poucas as explotacións que soliciten a vacina voluntaria contra a lingua azul na Galiza, despois dos estragos causados por esta”.

Finalmente, Adolfo Cabarcos afirmou que “nesta ocasión se fixo xustiza”, ao que engadiu que “no SLG nos sentimos orgullosos e orgullosas de todo o traballo feito contra a vacina obrigatoria. Alédanos poder darlles, por fin, unha boa nova aos gandeiros e gandeiras deste país, e demostrar que as loitas sociais son necesarias e útiles para facer avanzar ao agro galego”.

1 Especial: Relatorio do Congreso do Vacún de Carne

O ano 2011 será o do VIII Congreso do Sindicato Labrego Galego, decisión adoptada pola Dirección Nacional o 5 de decembro de 2010. Así, no primeiro cuadrimestre do ano, celebraranse os congresos sectoriais, cuxa organi-

zación foi delegada na Executiva Nacional do SLG. O segundo deles será o Congreso do Vacún de Carne, que se celebrará o 26 de febreiro en Becerreá (Lugo). De seguido, publicamos o texto do relatorio a debater.

INTRODUCCIÓN

A ningún se lle escapa que o sector de carne de vacún ten unha gran importancia en Galiza, tanto en canto á produción final agraria, como ao número de explotacións existentes ou á ocupación do territorio.

A esta transcendencia hai que engadir que é a actividade clave e de máis importancia nas zonas de montaña máis difíciles, así coma nas máis deprimidas e máis castigadas polo despoboamento de todo o País.

En terceiro lugar, e non menos importante é que é onde quedan a maioría das explotacións tradicionais, as máis sostibles e as máis axeitadas á realidade de Galiza, polo tanto as mellor preparadas para poñer en valor os nosos recursos naturais e polo tanto, para botar a andar políticas que vaian no camiño da soberanía alimentaria...

Con estes antecedentes queda claro que para o Sindicato Labrego Galego este é un sector estratéxico no que debemos traballar para conseguir manter nel o maior número posible de explotacións así como para garantir unha vida digna as persoas que traballan nelas.

ANÁLISE DA SITUACIÓN DO SECTOR.

1. Infraestrutura e produción.

(1.1.) No tocante á súa estrutura, o sector perdeu explotacións de maneira significativa nos últimos anos, aínda que como contrapartida apareceron novas explotacións dedicadas a esta actividade, provenientes da reconversión de outros sectores, principalmente o vacún de leite. Non obstante o saldo é negativo e Galiza xa non chega á barreira das 15.000 explotacións.

(1.2.) Tamén mingou lixeiramente o número de vacas, aínda que Galiza segue tendo máis de un cuarto do total das nutrices do estado.

(1.3.) A conclusión lóxica, é que a produción final de carne de vacún en Galiza ven decrecendo dende a metade da pasada década, debido tamén á baixa de cebo industrial provocada pola aplicación do

desacoplamento en unha actividade de reducida rendibilidade.

2. Características das explotacións.

(2.1.) As explotacións de vacún de carne de Galiza, son, na súa inmensa maioría, explotacións con vacas nutrices, extensivas, sostibles e familiares. En canto á persoas que as dirixen, son maioritariamente gandeiros e gandeiras a título principal, aínda que moitas están compatibilizadas con outra actividade familiar fora da explotación, e moitas delas están baixo titularidade de mulleres. Para o Sindicato Labrego Galego todas estas formas de titularidade son necesarias e importantes, xa que contribúen a fixar poboación no medio rural e a manter a actividade agraria, ao mesmo tempo que axudan a garantir a renda familiar.

(2.2.) Tendo en conta estas características tanto en canto a modelo agrario como á función social que cumpren, moito na liña da nosa organización, é polo tanto o noso deber defender a viabilidade e o futuro de todas as explotacións que quedan.

3. Axudas.

(3.1.) Este sector foi un dos primeiros en ser vítima das políticas comunitarias enmarcadas dentro das directrices da OMC de desmantelamento de prezos nos mercados, así dende primeiros anos da década dos 90 do pasado século, comezou a redución sistemática de prezos, a política de importacións con decrecementos arancelarios e mercado mundial, e a cambio instaurouse, inicialmente unha prima de vaca nutriz e despois fóronse engadindo outras. Esta política provocou que a produción de carne de vacún a prezos de mercado, non cubra tan sequera os custos de produción, feito que significa que a renda destas explotacións é impensable sen as axudas. Podemos afirmar que se as axudas desaparecían desaparecerían con elas esta actividade no País.

(3.2.) Polo tanto, a defensa das axudas, en todas as súas modalidades, é clave para manter a renda e a viabilidade das explotacións.

3.2.a. Axudas PAC:

As sucesivas reformas foron tirando sem-

pre por elas á baixa, ademais as últimas introduciron o deasacoplamento da produción, agás nas de vaca nutriz, o que obrigou, coa instauración do pagamento único, e con uns dereitos de pagamento único moi reducidos, a xestionar unha grande cantidade de superficie para non perder axuda, cousa que ás veces é moi difícil, debido á dificultade que existe para acceder á terra en moitas partes de Galiza.

3.2.b. ICM:

Estas axudas que se daban a case todas as explotacións situadas en zonas desfavorecidas e de montaña, están a volverse cada vez máis restritivas. Nos últimos anos estableceuse un sistema de puntuación que deixa fora da axuda cada ano máis explotacións, e ademais ás explotacións máis delicadas, que son as que menos puntos teñen.

3.2.c. CES:

Esta liña de axudas, (antes agroambientais) non se aplicou en Galiza ata mediados da pasada década, e foron moi poucas as explotacións que se beneficiaron dela, ben por falta de información, ben por reticencias a asumir compromisos e sobre todo polas restricións que se puxeron dende a propia Administración Autonómica. Coa entrada do novo plan de desenvolvemento rural convertéronse no CES, que chegou a un maior número de explotacións pero incrementando as dificultades, xa que instaura maior número de compromisos e obriga a unha burocracia inasumíbel por moitas explotacións, xa que a axuda está pensada máis en función dos traballos burocráticos dos gabinetes técnicos que do control medioambiental da actividade agraria, que é o que deberían ir destinadas. Isto provoca tamén que boa parte de axuda se perda polo camiño en pagar traballos absolutamente innecesarios para a actividade das explotacións.

4. A nosa postura de cara á futura política agraria.

(4.1.) No Sindicato Labrego Galego seguimos defendendo que a renda agraria das explotacións de vacún de carne tamén debe vir, principalmente, pola vía de uns prezos xustos que cubran os custos de produción incluíndo nestes o traballo das persoas da explotación.

Congreso da Carne. Relatorio.

2

(4.2.) O noso mercado, Europa, é un mercado deficitario en carne de Vacún dende fai varios anos.

(4.3.) Opoñerémonos polo tanto a todas as políticas deseñadas en función da OMC e dos agronegocios consistentes en mundializar os mercados, nas reducións arancelarias e nas importacións/exportacións indiscriminadas. Contrariamente a isto defendemos a permanencia dos aranceis para protexer os nosos mercados, e o control das importacións, impedindo a importación de carne producida en condicións que aquí non serían toleradas, ou que non pasen controis que na Europa terían que pasar.

(4.4.) Defenderemos que a nova PAC reserve os mercados europeos para os produtores e produtoras europeas e a prezos europeos.

(4.5.) Para acadar prezos europeos será preciso crear interprofesionais que fixen prezos mínimos e garantan estabilidade neste prezo ó longo do tempo.

(4.6.) En canto ás axudas, non podemos permitir que sigan no camiño da redución. Isto está en clara contradición coas actuais pretensións de reforma da PAC na que se pretende conxelar o presuposto, un presuposto pensado para unha Unión Europea de 15 países, e aplicalo á actual UE de 27 países; polo tanto esta proposta non nos vai servir, nós queremos que as axudas no futuro cumpran as seguintes condicións:

1. Ningunha redución para as explotacións agrarias familiares e extensivas e as que non acaden o nivel medio de renda
2. Manter as axudas acopladas á actividade.
3. Se se segue pagando por vacas nutrices, que os pagos sexan por vaca presente na explotación e non por dereitos históricos.
4. Manter as ICM para todas as explotacións situadas nesas zonas que teñan actividade.
5. Que as axudas destinadas a fomentar prácticas ambientais respectuosas co medio se destinen realmente a ese control e a esa práctica e non á práctica burocrática e á xustificación de dependencia dos gabinetes técnicos.
6. Que o global das axudas non se vexa reducido, cando menos nas explotacións extensivas inferiores a 100 vacas por UTA.

(4.7.) Estas son as nosas propostas a nivel de políticas europeas, pero tamén temos que intentar que as administracións máis próximas defendan estas posturas nas

institucións europeas. Ademais, ao seu nivel, hai moitas deficiencias que poden incidir na renda das explotacións: as ganderías extensivas de Galiza, seguen precisando políticas destinadas a dotalas de unha base territorial suficiente, é vergoñento que cada vez queden menos explotacións e que as que quedan non vexan incrementada a súa base territorial, mentres vemos como decrece a superficie agraria cada vez que hai cambios na lexislación de Ordenación do Territorio.

(4.8.) Outro vello problema, moitas veces reivindicado no sector, é o da garantía da obxectividade dos matadoiros nos temas de clasificación e sobre todo das pesadas. O SLG leva tempo tentando que se inspeccionen e se precinten as básculas dos matadoiros de xeito que non sexan manipulábeis, pero, debido a interferencias entre consellerías, aínda non foi posible; pero seguirá a ser un dos nosos obxectivos.

(4.9.) Nos últimos anos ademais vimos como as nosas explotacións foron, en moitos casos, vítimas de grandes perdas debidas á vacina da lingua azul. É curioso que, mentres as perdas ocasionadas pola enfermidade foron case nulas, foron cuantiosas as provocadas pola vacina. O SLG defende a libre vacinación, e para facelo seguiremos integrados na Plataforma pola Libre Vacinación do Gando, constituída a nivel de Estado no verán de 2010, pese a termos conseguido coa loita social que na Galiza a vacina da lingua azul sexa xa voluntaria.

5. O noso traballo na IXP "Ternera Galega."

(5.1.) Dende o SLG sempre defendemos a diferenciación de calidades como unha estratexia de comercialización. Pensamos que ten que haber unha clara diferenza entre o cebo de explotacións familiares tradicionais e o cebo industrial, por iso a defensa da "Suprema" de Tenreira Galega como marca destas explotacións nos pareceu dende sempre o máis correcto.

(5.2.) Dende este ano ademais haberá unha diferenciación especial para a carne de Rubia Galega dentro da supremá; agora o importante é facer chegar ao consumidor a información de todas estas diferenciacións. Esta parte foi sempre a materia pendente da IXP.

(5.3.) Sendo conscientes que Ternera nunca vai ser a nosa marca exclusiva (das ganderías tradicionais), xa que tamén inclúe dentro da IXP o cebo non tradicional; pero "Suprema" é a única marca á nosa disposición para diferenciar as nosas exce-

lentes calidades e pensamos que debemos seguir defendéndoas.

(5.4.) No pasado ano reformouse o regulamento da identificación e, unha vez máis, tivemos que enfrontarnos para defender dentro da indicación a implantación das nosas razas autóctonas, sen que iso significara eliminar do censo de Ternera moitas explotacións que aínda non teñen toda a súa gandería autóctona.

(5.5.) Sabemos que é preciso defender as nosas razas, pero tamén as nosas explotacións, e parécenos que hai posibilidades de compatibilizar as dúas cousas dándonos prazo no tempo, así o propuxemos e así o seguiremos defendendo.

(5.6.) A este respecto agardamos que dende ACRUGA e as asociacións de razas autóctonas se sexa capaz de aportar liñas xenéticas que se adapten ás condicións e ás esixencias das explotacións que temos.

(5.7.) Tamén tivemos que opoñernos á proposta de que o cebo de Ternera Suprema se ampliara ata os 12 meses, xa que os becerros que se ceban ata estas idades non son os das explotacións tradicionais senón os do cebo industrial, e parécenos que o cebo industrial non debe poder acceder á marca de Suprema.

(5.8.) Outro aspecto que temos que mellorar no aspecto da comercialización, e de colaboración con esta Indicación é a carencia estacional de oferta de becerros, o que que provoca que TG sexa capaz de abastecer o mercado agás en algunha época do ano debido a que a maioría das explotacións evitan os nacementos no verán e concéntraos no outono-inverno.

6. Outras reivindicacións.

(6.1.) Outra reivindicación histórica do Sindicato foi a da trazabilidade. Actualmente existe a trazabilidade xeográfica xa que se pode saber en que explotación foi cebado, pero non existe a diferenciación que nós sempre reivindicamos entre cebo tradicional e cebo industrial, o que significa que os canais que non se vendan como "Suprema" non van ter diferenciación no mercado respecto do cebo industrial.

(6.2.) Outro tema que temos algo esquecido, por supoñer que estaba superado, é o da utilización de fariñas cárnicas. Como se volve estar falando do seu uso, teremos que seguir opoñéndonos a este ó mesmo tempo que o facemos da utilización dos transxénicos.

— — — — —

N. 284

Febreiro 2011

Ano XXXVII

VOUCE

VOCEIRO das
COMISIOS
LABREGAS
de GALICIA
CC. LL.

Xornadas sobre a historia do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas

DA CLANDESTINIDADE ATÉ A LEGALIZACIÓN: OS C.A.L.L.

COMISIOS
LABREGAS



O nacemento das Comisións Labregas, a comezos dos anos setenta, non se pode comprender sen a entrega e o traballo ilusionado dos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL), unha organización política de xentes que non tiñan na terra o seu oficio e que se comprometeron co reto de pór a andar unha nova organización agraria que defendese os intereses da clase labrega. Mestres e mestras, persoal de Extensión Agraria, estudantes, cregos e monxas, fillos e fillas do campesiñado, todos e todas axuntaron esforzos para facer da revolución no agro galego algo real que se plasmou en revoltas aínda candentes na nosa memoria como as Encrobas, Baldaio, Xove (na imaxe), Fruime, Portodemouros, Alúmina ou a desobediencia civil que ergueu a un país enteiro contra a cota empresarial.



Tres imaxes de mobilizacións das Comisións Labregas antes da súa legalización. De arriba a abaixo: Baldaio, As Encrobas e Xove



■ Pencha Santasmarinas, Extensión Agraria

“Se este país está onde está, é grazas ao traballo fundamental das mulleres, antes e agora”

Pencha Santasmarinas chegou a Viveiro en 1968 para traballar en Extensión Agraria, un servizo que, daquela, se creara para servir aos labregos e ás labregas e que pouco tiña que ver coas oficinas agrarias comarcais de hoxe. Lembra Pencha que Extensión Agraria “era algo revolucionario. Falábanos de cousas que eran impensables naquela época: dinámica de grupos, de líderes, de como facer un traballo. Como é posible que en pleno franquismo funcionásemos así, e en plena democracia se desmantelase un servizo tan útil como foi e tan útil como podía seguir sendo?” Foi nesta época cando coñeceu a Ramón Muñiz, de quen confesa que “marcou un antes e un despois na miña vida ao abrírmelo os ollos sobre moitas cuestións das que nada sabía”. Foi a través de Muñiz como Pencha comezou a colaborar cos CALL e como chegaría a ser unha peza clave na organización das revoltas contra o proxecto de instalar unha central nuclear en Xove, ou a expropiación dos montes comunais para a factoría de Alúmina Aluminio, a mediados dos setenta.

Ligada a estas loitas concretas, e máis alá da súa colaboración cos CALL, Pen-

cha foi sempre unha loitadora infatigable polos dereitos das labregas, convicción que a levou a desenvolver actividades dirixidas a mulleres desde Extensión Agraria que nunca antes se fixeran, tales como viaxes formativas ao estranxeiro. Non dubida á hora de afirmar que “se hai un país onde a muller merece todo o respecto, ese país é Galiza. Porque neste país, polo menos no campo, as mulleres traballan máis cós homes. Se este país está onde está, é grazas ao traballo fundamental das mulleres, antes e agora”.

Precisamente, Pencha destacou o papel fundamental das mulleres nas loitas labregas daquela época, e rescatou nomes do esquecemento “claves para os Comités de Axuda á Loita Labrega” como o de Xosefa Domínguez, en Xove, ou Lidia Pernas, con Alúmina, indispensables para entender aquelas revoltas.

Pero, se cadra, o mellor elemento para explicar o inconformismo vital de Pencha Santasmarinas é a honestidade. “Eu considérome unha persoa honesta”, confesa, “o que fixen en cada momento da miña vida foi porque estaba convencida do que facía”.

■ Carme Santiso, mestra

“Era unha época na que crías no que facías. Criamos que iamos transformar o mundo”

Carme Santiso foi outra fichaxe de Muñiz para a causa dos CALL. Recalou como profesora en Monforte, na escola de formación profesional agraria, onde se daba clase aos fillos e fillas das familias labregas da bisbarra. Tres aulas con trinta alumnos e alumnas cada unha, con idades entre os 14 e os 16 anos, que viñan en quendas; e a ameaza de despedida por impartir as clases en galego.

Como o alumnado vivía na escola, podía sille falar de temas de actualidade polas noites, fóra do horario lectivo. Aquela sería a semente para unha mocidade contestataria que se uniría á loita

das Comisións Labregas trala morte de Franco. Para daquela, Carme xa andaba, a través dos CALL, dando charlas por todas as parroquias de Lemos, organizando debates ao redor do Fouce, do programa das Comisións Labregas, etcétera. “Era unha época na que crías no que facías, todo medraba como unha bola de neve”, recorda Carme. Exultantes grazas a feitos como as 8.000 persoas que se manifestaron na marcha contra a central nuclear en Xove o 10 de abril de 1977 “criamos que iamos transformar o mundo, liberar o país”.

Mais despois virían amargores, como o pau das pri-



meiras eleccións e a manipulación que fixeron delas os caciques.

O traslado a Laxe como mestra había mudar a súa vida. Do interior para a costa. Aínda con folgos para o traballo social, participou activamente na loita contra a cota empresarial, coa tractorada de Carballo e a mítica asemblea de 12.000 persoas

no pavillón dos deportes de Lugo; ou nas eleccións a cámaras agrarias.

Carme tamén ten no seu haber ter levado como acompañante á que sería a súa primeira charla sindical, neste caso da Asociación Agraria Galega (AGA), a unha moza que aínda non cumprira os vinte chamada Lidia Senra. Corría a primavera de 1977.

■ Xosé Turnes Paredes “Che”, fillo de labreg@s

“Nós estabamos convencidos de que iamos facer a revolución”



A Xosé Turnes pillouno Muñiz na Escola de Capacitación Agraria de Guísamo sendo xa un rebelde que estaba detrás da primeira folga na historia do centro,

polo que os CALL e as Comisións Labregas só tiveron que dar “contido á súa loita”. Fillo dun labrego e dunha labrega, Xosé Turnes xa mamara as arelas de revol-

ta en xuntanzas con curas de esquerdas ás que ía co crego de dereitas da súa parroquia. Alí coñeceu a compañeiros e compañeiras para toda a vida, como Cándido Iglesias Turnes. Tamén coñeceu, tempranamente, as mudanzas irreversibles da modernización que habían cambiar a Galiza rural para sempre: a primeira concentración parcelaria en España ou a xestación da cooperativa Feiraco.

Unha vez que se integrou nos CALL, Turnes dedicouse a traballar en Guísamo en días laborables, e a “facer a revolución” na bisbarra de Negreira durante as fins de semana. Un dos poucos labregos que ficaron na zona e non emigraron, Cándido Iglesias, foi o seu colaborador estreito. Na súa folla de rota, obxectivos como democratizar Feiraco, enfrontarse aos problemas xerados pola concentración parcelaria e oporse aos conflitos xurdidos da acción dos

caciques; sen esquecer as loitas nacionais que se estaban a librar, como a da cota empresarial.

Foi aquela unha época de grande actividade e movemento no mundo rural, coa adaptación aos tempos modernos e unha loita crecente. “Vivíamos todo cunha paixón do máis intenso. Nós estabamos convencidos de que iamos facer a revolución”, explica Xosé; aquela ilusión da mocidade non tardaría en toldarse con sombras en canto chegou a democracia e propiciou o fracaso das primeiras eleccións para o nacionalismo. Aquel feito provocaría “a crise máis aguda da miña vida: dubidaba de min, dubidaba dos meus líderes, dubidaba do país, dubidaba de todo”. A partir de aí, dedicárase, dende a súa profesión, a formar cooperativas agrarias; e quedaríalle o convencemento de que “aínda fica unha revolución pendente: a da conduta das persoas”.

OS COMITÉS DE AXUDA Á LOITA LABREGA (CALL)

■ Gumersindo Campaña “Gumer”
e Domingo Martínez “Gino”, cregos

“A fe e a política podían estar perfectamente unidas”

Os cregos e as monxas foron peza clave na loita labrega que abrollou na Galiza dos setenta da man das Comisións Labregas; non en van, esta organización naceu nun colexio de relixiosas no ano 1973 por iniciativa de cregos e axentes de extensión agraria, segundo relata Ramón Muñiz no seu libro “Os labregos e a súa loita”.

O nacemento das Comisións Labregas colleu a Gumersindo Campaña “Gumer” e a Domingo Martínez “Gino” sendo párrocos de Visantoña (Mesía) e Borriñans (Cesuras). Foron cregos nunha Galiza profunda e atrasada e tiveron contacto directo cos problemas secu-

lares que arrastraba o agro galego: o subdesenvolvemento, o mundo dos caseiros, a opresión a labregos e labregas, o poder arbitrario dos caciques... Unha boa expresión desta Galiza era o municipio de Cesuras no que recalara Gino, onde o 80% das terras eran propiedade das familias fidalgas e ricas de Betanzos. Despois viría o contacto con outros cregos militantes, como Moncho Valcarce, daquela párroco en Sésamo (Culleredo), que era un referente para todos e todas; ou Xosé Antón Iglesias “Fuguillas” -actualmente, párroco cos misquitos en Nicaragua-, quen “fixo de ponte entre a UPG e o clero, e



foi un claro exemplo de que a fe e a política podían estar perfectamente unidas”, segundo relata Domingo Campaña.


A partires de aí, as loitas que habían vir non se poderían entender sen o traballo de organización e axitación de masas que desenvolveron cregos coma os citados, ou outros como

Leopoldo López Rego, do convento dos Pasionistas (Melide).

Conflitos como o d'As Encrobas, Xove, Baldaio, As Enchousas, Portodemouros ou a negativa a pagar a cota empresarial tiveron no seu cerne a xentes relixiosas que que viron na loita social un xeito de expresar as súas conviccións.

■ Cándido Iglesias Turnes, labrego

“A nosa traxectoria segue encamiñada a mirar polos intereses de labregos e labregas”



O traballo dos CALL tiña un obxectivo fundamental: pór a andar unha organización agraria que defendese os intereses dos labregos e labregas de Galiza, e que, unha vez tivese a estrutura

organizativa necesaria, fosen eles mesmos e elas mesmas quen a dirixisen.

Cándido foi un deses labregos que viviu as loitas iniciais dunhas Comisións Labregas acabadas de nacer.

Foi rematar o servizo militar en Compostela, en 1972, e Cándido topouse cun compañeiro de andanzas que respondía por Che, e non era outro que o Xosé Turnes, quen o “comezou a ilustrar sobre a loita que estaban a desenvolver as Comisións Labregas”. Cando boa parte da mocidade da parroquia de Cabanas marchaba para a emigración, Cándido decidiu quedar na terra e traballar na explotación familiar. Estaba convencido de que as Comisións Labregas eran a ferramenta que necesitaban na Galiza rural para defender os seus intereses.

Así, viviu a loita contra a cota empresarial e foi un dos socios fundadores de Feiraco, cooperativa que, no seu día, supuxo unha auténtica revolución na bisbarra, pero que lle acabaría dando un dos maiores desgustos da súa vida. Nacida polos azos entusiastas de Cáritas e un grupo de cregos activistas, Feiraco acabou medrando e converténdose nun bocado sucu-

lento para o capital. Cando se fixo coa presidencia da cooperativa o rexistrador da propiedade Jesús García Calvo, un grupo de xente defendeu que a cooperativa tiña que ser dirixida por labregos e labregas de xeito democrático. Consecuencia: Cándido, xunto a outros socios, entre eles varios cregos, foron expulsados por decisión asemblearia. “Foron os meus propios veciños os que me expulsaron”, lembra cun pouso de amargor na memoria; “teño cicatrices daquilo”. Mais non deu o brazo a torcer cando García Calvo lle ofreceu volver a cambio de pedirlle perdón. “De fronte morro, pero de xeonllos non”, foi a súa resposta.

Hoxe aínda é a súa unha das poucas explotacións da zona en activo, tan viva como a militancia que profesa no SLG, na que segue porque “a nosa traxectoria segue encamiñada de cara a mirar polos intereses dos labregos e das labregas e seguimos no camiño correcto”.

1

Especial: Relatorio do Congreso do Leite

O ano 2011 será o do VIII Congreso do Sindicato Labrego Galego, decisión adoptada pola Dirección Nacional o 5 de decembro de 2010. Así, no primeiro cuadrimestre do ano, celebraranse os congresos sectoriais, cuxa organi-

zación foi delegada na Executiva Nacional do SLG. O terceiro deles será o Congreso do Leite, que se celebrará o 18 de marzo en Ordes (A Coruña). De seguido, publicamos o texto do relatorio a debater.

1. OS ÚLTIMOS ANOS

1.1. As Cotas

(1.1.a) A configuración do sector lácteo galego actual comeza polo ano 1985/86 coa entrada no, naquel entón “Mercado Común Europeo” e coa primeira adxudicación de cotas. Daquela pretendíase limitar a produción de Galiza á do ano 1986, cousa que inviabilizaba absolutamente o futuro da totalidade das explotacións. Daquela o sector defendeuse e arroupouse mediante a Plataforma do Leite que desenvolveu moitas loitas que deron como froito cambiar o ano de referencia á campaña 91/92 o que significou un incremento de cota do 50 %, aínda que seguía a ser insuficiente, polo que a loita por defender a capacidade produtiva de Galiza prolongouse no tempo ata chegar á actual que ven a ser a dobra da proposta inicial.

(1.1.b) Dentro desta loita de cotas, na segunda metade da década dos 90 houbo moitas loitas para tentar evitar a aplicación da supertaxa que ó final se aplicou no ano 98, o que xerou, tamén potenciado dende as Administracións Públicas, un mercado de cotas que varreu a metade das explotacións e deixou endebedadas boa parte do resto. Neste feito radica unha boa parte dos problemas económicos actuais das explotacións.

(1.1.c) No ano 2005 despois de moitas loitas e presións conséguíase que a cota pase a xestión pública e que desapareza o mercado de cotas, pero isto para moitas explotacións xa é demasiado tarde. E así chegamos á actualidade onde o liberalismo xa non quere cotas nin controis da produción, nin ningún tipo de regulación.

1.2. Os Contratos

(1.2.a) Os acordos entre produtores e industrias xestionados por contratos, foi sempre unha reivindicación do SLG, e xa no ano 87/88 se puxeron en marcha co grupo LARSA, e funcionaron ata que a pasividade da Administración e as presións especulativas dos grupos de presión industrial e financeiro o abortaran.

(1.2.b) Despois houbo outros intentos que xa non frutificaron por defender prezos que, naquel momento, non eran asumíbeis polo sector.

(1.2.c) Toda a década dos 90 e a seguinte non significaron ningún avance pola vía da negociación, polo que a posibilidade dos contratos nin se pensou, e así chegamos á situación actual, onde todos defenden os contratos, sen negociación colectiva de prezos mínimos, e convertidos polo tanto nun instrumento para a aplicación das políticas liberais que se propoñen en non como instrumento de garantía para o sector produtor.

1.3 A Industria

(1.3.a) En todos estes anos o proceso industrial consistiu en ir desfecendo o tecido industrial autóctono e ir vendéndoo ao capital foráneo. Incluso a experiencia do Grupo Lácteo Galego acabou vendida polo Xunta tamén a capital foráneo. O papel do goberno galego, daquela do PP foi fundamental en consolidar estas operacións, primeiro deixando escapar LARSA para o capital francés, incluso con capital público invertido na mesma e despois coa lapidación do grupo lácteo.

(1.3.b) A única industria de capital galego que permanece no mercado e o grupo de Leite Río, que non ten ningún interese estratéxico que se poida vincular co futuro do País, e ademais, na práctica é a punta de lanza das políticas industriais de baixada de prezos e practica as políticas de pago a produtores e produtoras máis opacas e enganosas do mercado.

1.4. O sector produtor

(1.4.a) En todos estes anos o sector produtor de Galiza pasou de máis de 70.000 explotacións a menos de 12.000 grazas ás políticas aplicadas no sector, sen que isto signifique o nivel de renda das mesmas crecera nesta proporción, aínda que si o nivel de investimentos e de traballo: Medramos moito en dimensión de explotacións, en investimentos e en traballo e medramos pouco ou nada na renda, se a compara-

mos coa renda media da sociedade.

(1.4.b) Aparte disto o crecemento das explotacións non foi para nada enfocado a crear riqueza no País, así a base territorial aumentou moi pouco, e polo tanto a ocupación e redibilización da superficie, ou o que é o mesmo: a utilización dos nosos recursos.

(1.4.c) Na maioría das explotacións actuais non practican o pastoreo polo que a capacidade de utilización de boa parte dos recursos naturais xa se perde, pero é que ademais a maior parte dos produtos que se usan para a alimentación do gando son producidos fora e importados, polo tanto non serven para poñer en valor as nosas producións nin para xerar riqueza endóxena.

(1.4.d) Se polo menos as explotacións que quedan foran capaces de garantir a súa permanencia e de xerar un nivel de renda suficiente para garantir os postos de traballo das persoas que están nelas, con unha remuneración decente, aínda teríamos conseguido algo, pero non sempre é así, debido a que o nivel de endebedamento de moitas delas é preocupante.

2. A SITUACIÓN ACTUAL

(2.1.) Ven dada por tres factores:

1. O incremento sistemático dos prezos dos insumos e servizos que as explotacións necesitan: custos de produción.
2. O decrecemento dos prezos do leite ao produtor ou produtora.
3. A aplicación de unha política de liberalismo absoluto, encamiñada a que non exista ningunha regulación no mercado e prevalezan as esixencias dos especuladores e grupos de presión.

(2.2.) Isto, o que significa na práctica, é unha constante caída na renda das explotacións, chegando en algúns casos, a perder diñeiro na propia actividade, e dicir a vender o leite por menos prezo do que custou produci-lo.

(2.3.) Esta situación, que pon en tela de xuízo a supervivencia das explotacións

Congreso do Leite. Relatorio.

2

foi a que marcou o acontecido nos dous últimos anos e que veu dada por fortes mobilizacións durante moito tempo reivindicando mecanismos de establecemento e garantía de prezos e que foron sempre frustradas con falsas saídas postuladas dende a Administración e industria, coa complicidade de algunhas organizacións do sector. Vexámolo por partes:

1. As mobilizacións: comezaron co inicio da caída dos prezos a primeiros de 2008, despois de tres ou catro meses de prezos moi altos. Como na época de bos prezos subiron os custes dos insumos proporcionalmente, agora ao caer os prezos hai unha gran perda de rendibilidade. Os prezos seguiron a caer es as mobilizacións continuaron aínda que se foron frustrando pouco a pouco con falsas saídas dende as Administracións (contratos sen prezo) e dende o propio sector por parte de algunhas organizacións que deron por boas estas falsas saídas, enganando así ó sector. En moitas organizacións mantivéronse con convocatorias feitas só polo SLG, mentres o resto se inhibiu. Foi a presión da xente a que fixo que as mobilizacións continuaran inicialmente, pero frustración tras frustración chegamos ao punto actual de desánimo e de non confianza no futuro.
2. As Administracións: tentando xustificarse diante da opinión pública máis que buscar unha saída ao problema quitáronse da manga un contrato sen prezo que non serviu para dar solución a situación pero si para xerar frustración no sector así como para banalizar unha ferramenta clave para a estabilidade dos prezos: o contrato.
3. Os novos axentes: En todo este río revolto aparecen nas mobilizacións asociacións de tipo empresarial que desprestixiando o papel dos sindicatos, presentáronse como a alternativa salvadora con unha serie de propostas que para nada atinxían os problemas, ademais ían cargadas de incoherencias e de actitudes que só serviron para desprestixiar as mobilizacións.

(2.4.) A situación a nivel europeo

(2.4.a.) A situación de baixos prezos e de falta de rendibilidade foi común en toda Europa, o que provocou que coa entrada do novo Comisario se puxera a andar un grupo de propostas chamado Grupo de Alto Nivel que fixo unha valoración da situación do sector e quitou unhas conclusións que pretenden dar

solución a toda esta problemática.

(2.4.b.) Boa parte destas conclusións só serven para afondar máis no liberalismo e o dominio do sector en función de catro grandes axentes do mercado que especulan co leite (por exemplo a creación dun mercado de futuros), pero hai algunhas conclusión que en principio podían abeirar algunha esperanza, como por exemplo a necesidade de facilitar a negociación dos prezos do leite no sector produtor. O malo é que a medida que estas cousas se concretan imos vendo como representan novas frustracións e novas mentiras: A nova lexislación proposta para que poida haber negociacións o que fai é eliminarlle á Administración a responsabilidade de garantir prezos, é dicir: máis liberalización, e aínda por riba, rouba aos sindicatos e organizacións existentes a capacidade negociadora para poñela en mans de uns “chiringuitos” que chama Organizacións profesionais; elimina as interprofesionais como punto de encontro e debate de prezos e non crea outra plataforma que as substituíra, é dicir: en lugar de crear vías para a negociación destrúe o pouco que había.

(2.4.c.) Ademais estas conclusión do GAN, parece ser que van ser a nova disposición da política agraria da UE para o sector, engadíndolle o que está riba da mesa coa política de axudas: conxelación de presupostos e menos diñeiro.

3. AS PREVISIÓN A CURTO PRAZO.

(3.1.) A nivel mundial parte das pretensións da OMC no sector lácteo están cubertas: a mundialización dos prezos é xa unha realidade, xa que son moi escasas as diferencias entre a UE, EE.UU. e Nova Zelandia, co que cabe esperar que a mundialización dos mercados, salvo que algo o impida pode estar próxima.

(3.2.) Na UE como imos vendo todo vai no camiño da liberalización e de achariarlle o camiño aos agronegocios, vexamos o que están propoñendo:

1. Eliminación das cotas en 2015
2. Eliminación de toda regulación dos mercados
3. A negociación de prezos en mans dos grupos de presión e dos especuladores
4. Recorte das axudas que se puxeron para compensar a caída de prezos e agora xa desacopladas.
5. Incremento sistemático dos custes dos insumos e dependencia foránea para alimentar o gando.

(3.3.) Vemos que todas as propostas van no sentido de non solucionar os problemas e as carencias do sector produtor, polo tanto as nosas propostas, se queremos defender o sector e que a maioría das explotacións que quedan en Galiza sigan a súa actividade temos que defender cousas diametralmente opostas.

4. AS NOSAS PROPOSTAS.

(4.1.) Para os mercados:

1. Control da produción a nivel europeo que axuste a produción ó consumo.
2. Regulación dos mercados que evite a “lei da selva” que só beneficia ós máis poderosos e que cheguen a regular toda a cadea de valor.
3. Establecementos de prezos mínimos que cubran os custos de produción e o traballo e que se negocien entre as partes con mediación e arbitraje da Administración
4. Establecemento de mesas institucionalizadas onde se leven a cabo estas negociacións.
5. Oposición ás propostas de introducir máis especulación no sector: mercado de futuros, etcétera.

(4.2.) Para as axudas:

1. Mantemento das axudas ás explotacións vinculadas á actividade e ao traballo familiar
2. Converter o CES en axudas que primen a orientación das actividade das explotacións cara a xeitos de producir máis sustentables de xeito real, e non en algo xustificado con papeis e que á maioría das explotación non serve.

(4.3.) Para as explotacións:

1. Iniciar un traballo mediante o Banco de Terras e outras iniciativas que se poidan poñer en marcha de cara a dotar as explotacións de base territorial suficiente, que permita dar un xiro á maneira de producir e que teña como fin que as explotacións que queiran poidan producir de por si o alimento do seu gando.
2. Aplicación de políticas anovadoras que permitan incrementar a renda das explotacións sen aumentar, ou incluso diminuindo a súa produción.
3. Establecemento de axudas económicas e técnicas para aquelas explotacións que se decidan a poñer en marcha proxectos de venda directa das súas producións nos mercados locais.

“O Ministerio cometerá un erro histórico se impón contratos sen garantía de prezo”

Carme Freire defendeu ante a Ministra de Agricultura un valor base para o leite que cubra custes e traballo

O pasado 19 de xaneiro, a Ministra de Agricultura, Rosa Aguilar, visitaba Galiza e, de paso, mantiña un encontro coas organizacións agrarias. Foi en Compostela e tivo un tema estrela

para o debate: o contrato para o sector leiteiro que, segundo Aguilar, entrará en vigor o 1 de abril. A secretaria xeral do SLG, Carme Freire, deixoulle claro á Ministra que, ou ese

contrato parte dun prezo mínimo que cubra os custes de produción e o traballo nas explotacións, ou se atopará coa frontal oposición do Sindicato Labrego Galego.

Ao encontro con Rosa Aguilar acudiu, ademais de Carme Freire, o secretario dos sectores vexetais do Sindicato Labrego, Xosé Manuel Parente.

Respecto do contrato para o sector lácteo, Carme Freire declarou que “se vai cometer un erro histórico se nos obrigan a facer contratos no sector leiteiro sen que haxa ningún tipo de garantías dun prezo que cubra, polo menos, os custes de produción e o traballo nas explotacións”. Para a secretaria xeral do SLG “un contrato sen prezo equivale a poñer nas mans da gran industria e da distribución a posibilidade de extorsionar a todo o sector co aval do Ministerio, xa que nesa situación non teriamos nin prezos nin axudas”.

■ Rexistamento das asociacións de produtores

Ademais, Carme Freire tamén foi crítica coa proposta de crear organizacións de produtores para que negocien os prezos do leite. Respecto a elas, Freire defendeu que “as organizacións agrarias somos as únicas que fomos lexitimamente elixidas para representar os intereses políticos e económicos dos labregos e das labregas. Polo tanto, non hai que inventarse organizacións novas para podermos defender que o leite debe ter un prezo mínimo para poder vivir aplicable a todas as explotacións”. Desde este punto de vista, o SLG propuxo que as negociacións se dean no seo das interprofesionais.



O SLG foi a única organización agraria que defendeu, ante a Ministra, contratos con prezo para o leite

■ Defensa dunha PAC que garanta prezos dignos

O outro tema que se abordou foi o da postura do Estado Español diante da reforma da Política Agraria Común (PAC). Carme Freire manifestoulle á Ministra que “o importante agora non é discutir que axudas imos ter ou deixar de ter. O que nós

queremos é ter un prezo digno para os nosos produtos e para o noso traballo. Así que, unha de dúas: ou se defenden mecanismos que regulen os mercados e impidan que as grandes multinacionais e distribuidoras nos sigan a impoñer prezos; ou, senón, de pouco ou nada nos van servir as axudas”.

Tamén en referencia á PAC e ao sector leiteiro, Freire pediulle a Aguilar que o Ministerio aposte por que se fagan controis da produción para impedir “que haxa unha produción de leite a mares que propicie que as grandes distribuidoras e industrias poidan negociar os prezos á baixa”.

SLG: a única organización galega que defende a negociación colectiva dun prezo no contrato

Poucos días despois da visita de Rosa Aguilar a Galiza, o 24 de xaneiro, a Consellaría de Medio Rural convocaba ás organizacións agrarias e ás cooperativas para falar das alegacións que se ían presentar, dende o noso país, ao decreto lácteo. Por parte do SLG asistiron ao encontro a secretaria xeral, Carme Freire; e a responsábel do sector leiteiro, Lupe Prado.

Na reunión, o Sindicato Labrego Galego foi a única organización que seguiu a defender a necesidade de que o contrato entre produtores e produtoras e as industrias debe partir da base dun prezo que cubra os custes de produción e deixe unha

remuneración digna polo traballo nas explotacións, un prezo por baixo do cal non se lle poida pagar o leite a todos os gandeiros e gandeiras en ningunha negociación.

De non defender mecanismos máis alá das referencias de prezos de mercado, vanse continuar a impoñer prezos nas explotacións e no consumo por parte dos mesmos que hoxe impoñen os prezos. Isto, nun contexto no que se está a plantexar a desaparición de todo tipo de mecanismos de control da produción e a desregulación absoluta dos mercados, supoñería a imposición de prezos de miseria para o sector produtor por parte das industrias.

O leite europeo quere contratos con prezo base e negociación colectiva

O SLG celebrou, o 21 e 22 de xaneiro, un seminario do sector lácteo financiado pola Comisión Europea

O Sindicato Labrego Galego celebrou, o 21 e 22 de xaneiro, un seminario europeo do sector lácteo en Compostela. O evento xuntou na Galiza a representantes, e gandeiros e gandeiras,

de países como Irlanda do Norte, Bélxica, Francia, Austria ou Portugal; amais de toda a Cornixa Cantábrica (Asturias, Cantabria e Euskadi) e da Galiza. Todos e todas amosaron a súa

fonda preocupación diante da posibilidade de que se lles obrigue a asinar uns contratos que sen un prezo base de referencia que cubra os custes de produción e un salario digno.

Se algo ficou claro con este seminario, é que para o sector produtor, a realidade é semellante en toda a Unión Europea, con prezos que non cobren os custes de produción (os representantes belgas informaron de que chegaron a sufrir, hai dous anos, caídas até os 17 céntimos por litro; na Galiza e Portugal, prezos igualmente de miseria ao redor dos 26 céntimos), coas grandes industrias e distribuidoras dominando o mercado e fixando os valores que lles peta nos produtos lácteos, e con miles de explotacións pechando como consecuencia inmediata a todo isto.

No Estado Español, por exemplo, o peche de explotacións foi devastador nos últimos anos, pasándose das 143.000 en activo de 1995, ás 24.000 da actualidade (a metade delas, na Galiza).

Todas as persoas participantes no seminario coincidiron á hora de amosar a súa fonda preocupación respecto das pretensións da Comisión Europea á hora de reformar a política leiteira da UE.

A proposta de crear organizacións de produtores para que negocien os prezos do leite coas industrias equivale a dismantelar a negociación colectiva e a renunciar ao establecemento de prezos mínimos de base, que cubran os custes de produción e o traballo nas explotacións, por baixo dos cales non se poida baixar.

Outra das ameazas que planea sobre o sector produtor é a xa anunciada desaparición do sistema de cotas para o ano 2015. De ir para adiante esta liberali-



zación, sen que exista ningún control sobre a produción, inundaríase o mercado de leite coa consecuente caída de prezos e o máis que probable peche de miles de explotacións e concentración de toda a produción só nunhas poucas, dando paso a un modelo que xera gravísimos problemas medioambientais, de seguridade alimentaria, de desertización do medio rural e de destrución de postos de traballo.

Tamén se criticaron as presións dos gobernos francés e español de cara a impoñer un contrato obrigatorio sen prezo para o sector, o cal equivalería a deixar nas gadoupas da industria aos gandeiros e gandeiras, que se verían na obriga de aceptar o prezo do contrato, fose cal fose.

A pretensión da CE de conducir ao sector cara a un



escenario con contratos obrigatorios sen prezo, sen controis da produción e sen negociación colectiva -coa complicidade, agora, dos gobernos francés e español- pode provocar a destrución definitiva das explotacións familiares e labregas e a morte do pouco medio rural que aínda se mantén vivo.

Actividade
financiada por:



COMISIÓN EUROPEA

DIRECCIÓN XERAL DE AGRICULTURA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

Dirección K: Relacións Interinstitucionais,
Comunicación e Documentación

K1: Comunicación interna e externa

As reformas anunciadas pola Comisión non solucionan a situación dramática do sector

O texto final que resultou do seminario critica os cambios propostos dende Bruxelas para a política leiteira

A Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) publicou un documento oficial no que resumía os acordos acadados ao remate do seminario. O documento é crítico coas

propostas de reforma da política leiteira europea feitas públicas até agora pola Comisión Europea. Fronte ás organizacións de produtores, a ECVC defende a negociación colecti-

va no seo das interprofesionais de cada Estado; e non acepta contratos que non partan dun prezo mínimo -que cubra custes e salarios- emanado destes organismos.



O documento comeza denunciando que as reformas anunciadas pola Comisión Europea “non van solucionar a situación dramática de numerosos gandeiros e gandeiras da UE, nin vai deter a rápida desaparición de explotacións. Substituír os pasteiros de vocación leiteira por plantacións masivas para agromasa e enerxía como se está a facer na Galiza, e continuar concentrando a produción en grandes explotacións industrializadas, levaranos a un desastre social, medioambiental e territorial”. O texto da ECVC tamén lembra que “sen un control sobre a produción do leite europeo, non acadaremos as condicións necesarias para termos prezos xustos e estábeis para os produtores e produtoras”.

As demandas do Sindicato Labrego Galego e da Coordinadora Europea da Vía Campesina

Trala crítica, as propostas e demandas da ECVC e do Sindicato Labrego, dirixidas ao Consello e Parlamento europeos, de cara a unha nova política leiteira comunitaria:

1. Que cada estado membro da Unión Europea teña unha interprofesional leiteira. Nesa Interprofesional deberán xuntarse todas as organizacións profesionais agrarias, a industria, as cooperativas, a distribución e os consumidores e consumidoras. A Administración debe xogar un papel de arbitraje e de organización. Estas interprofesionais deben negociar e acordar os prezos do leite, respectando os custes de produción de gandeiros e gandeiras. A lexislación na Unión Europea deberá ser modificada para que estas interprofesionais teñan poder e capacidade para facer isto.

2. A ECVC opónse á creación de organizacións de produtores para negociar os prezos. Este papel debe seguir sendo desempeñado polas organizacións profesionais

agrarias dentro das interprofesionais.

3. A ECVC só aceptará contratos para formalizar a compravenda de leite se se respectan os dous apartados anteriores. En caso contrario, as organizacións da ECVC rexeitarán todo contrato que non parta dun prezo base ligado aos custes de produción.

4. A transparencia e reequilibrio das marxes no sector leiteiro son indispensábeis para a lexitimidade da política leiteira europea fronte aos produtores e produtoras, e consumidores e consumidoras. Agardamos a posta en práctica e os resultados do **observatorio de prezos** prometidos polo Comisario de Agricultura, Dacian Ciolos.

Estas propostas xa lle foron expostas a Dacian Ciolos nun encontro que mantivo con el unha comitiva da Coordinadora Europea da Vía Campesina, o pasado 27 de xaneiro en Bruxelas, da que formaba parte a secretaria de soberanía alimentaria do SLG, Isabel Vilalba.

Plan de Seguros Agrarios



www.enesa.es

*Cultivando a túa
tranquilidade*

INICIO SUBSCRICION	PRODUCTIONS AGRICOLAS E FORESTAIS	PRODUCTIONS PECUARIAS
1 de xaneiro de 2011	- Seguros Combinados de: Cereixa e Cereixa de Cáceres. - Seguro de Explotación de Cereixa de Cáceres. - Seguro de Rendementos de Abruñeiro.	
15 de xaneiro de 2011	- Seguros Combinados de: Kiwi, Hortalizas de primavera e verán, Uva de vinificación, Viveiros de viñedo, Tomate e Remolacha azucreira. - Seguro de Explotación de Uva de vinificación de Canarias. - Seguro Integral de Uva de vinificación en Lanzarote.	Seguros de Explotacións de: Gando vacún reprodutor e recría, Vacún de cebo, Vacún de lidia, Vacún de alta valoración xenética, Reprodutores Bovinos de aptitude cárnica, Gando Ovino e Caprino.
1 de febreiro de 2011	Seguros combinados de: Algodón e outros cultivos téxtiles, Producións tropicais e subtropicais, e Uva de mesa.	- Seguros de Explotacións de: Gando Equino, Equino en razas selectas, Aviar de carne, Aviar de posta e Gando porcino. - Piscifactoría de troitas e acuicultura mariña.
1 de marzo de 2011	- Seguros combinados de: Cultivos herbáceos extensivos, Palla de cereais de inverno, Cultivos forraxeiros, Froitos secos, Leituga, Flor cortada, Lúpulo e Cultivos agroenerxéticos. - Póliza multicultivo en cultivos herbáceos extensivos e multicultivo de en hortalizas. - Tarifa xeral combinada. - Seguro forestal.	- Seguro para Mexilón. - Tarifa xeral gandeira.
15 de marzo de 2011	- Seguros combinados de: Arroz, Fabes, Planta ornamental, Tabaco e Oliva. - Seguro de Rendementos de Remolacha azucreira de secaño.	
1 de abril de 2011	Seguros Crecentes para Explotacións: Citrícola, Hortícolas en Canarias, OPFH, Cooperativas e Cobertura de pixat.	
1 de xuño de 2011	Seguros Crecentes para Explotacións: Hortícolas baixo cuberta, Hortícolas ao ar libre de outono e inverno e Bananeiras.	- Seguros de Retirada e destrución de animais mortos na explotación: Bovinos, Ovinos, Caprinos e o resto de non Bovinos. - Seguros Renovábeis para a retirada e destrución de animais mortos na explotación: Bovinos, Ovinos, Caprinos e resto de non Bovinos.
1 de xullo de 2011	Seguros Crecentes para Explotacións: Tomates en Canarias.	Seguro para Pastos.
1 de setembro de 2011	Seguros Crecentes para Explotacións: Caqui e outras froiteiras, Froitos secos e Cultivos herbáceos extensivos.	
1 de outubro de 2011	Seguros Crecentes para Explotacións: Olivareiras, Vitícolas e Vitícolas en Canarias.	Seguro de Explotación en apicultura.
15 de novembro de 2011	Seguros Crecentes para Explotacións: Froiteiras, Cultivos forraxeiros e Cultivos agroenerxéticos.	

A desidia da Xunta e do Goberno privan de 4 millóns de euros ao sector leiteiro galego

Máis de 3.000 explotacións quedan excluídas de cobrar axudas por estar en zonas desfavorecidas

O 11 de xaneiro, a Consellaría Medio Rural publicaba a orde que regula a aplicación das axudas da PAC no noso país. Outra volta, ficaron excluídas comarcas enteiras da Galiza á


hora de beneficiarse das compensacións ás que tiñan dereito as explotacións leiteiras que están en zonas desfavorecidas. Concellos gandeiros que están en comarcas como a

Mariña lucense, Ferrol, Bergantiños, Terra de Soneira, Fisterra, Xallas, A Barcala ou Compostela, entre outras, non foron incluídos na listaxe de zonas desfavorecidas.

O importe destas axudas foi, dependendo das zonas, de entre 48 e 59 euros por vaca de aptitude láctea maior de 24 meses, máis 38,80 euros por vaca no caso de cumprir uns determinados índices de superficie forraxeira.

Nun cómputo global (datos do Fondo Galego de Garantía Agraria do ano 2009), quedaron excluídas da axuda por zona desfavorecida un total de 3.259 explotacións leiteira, cunha cabana gandeira total de 75.523 vacas. Se atendemos a estas cifras, as explotacións leiteiras da Galiza excluídas das zonas desfavorecidas puideron perder ao redor de 4 millóns de euros ao non percibir estas axudas ás que tiñan dereito.

A escala local, o impacto tamén é grande. Poñendo como exemplo os concellos da Mariña, con case 9.400 vacas en muxidura (segundo o último censo gandeiro do Instituto Galego de Estatís-



Neste mapa de Galiza pódense apreciar todas as comarcas (en cor verde) excluídas das zonas desfavorecidas, moitas eminentemente rurais e cun forte peso do sector leiteiro no seu tecido económico

tica), as súas explotacións leiteiras perderon ao non percibir estas axudas máis de medio millón de euros.

Tanto no 2010 como agora, o SLG denunciou esta

discriminación inxustificábel, xa que, obxectivamente, as condicións para a produción de leite non son mellores nas comarcas devanditas que noutras nas que si

cobran estas axudas. Pese á forte contestación social, plasmada entre outras accións na entrega de escritos de protesta diante do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural, as administracións reincidiron en perpetuar este trato discriminatorio.

Nun momento no que os prezos do leite seguen por baixo do limiar da rendibilidade, e os custes de produción se disparan por efecto da subida dos concentrados (froito á súa vez da especulación cos cereais nos mercados), a non percepción desta axuda vai incrementar a fragilidade das explotacións das comarcas afectadas.

O Sindicato Labrego Galego vai volver a dar a batalla para que este despropósito non se leve a cabo, e para que muden os criterios para o acceso a estas axudas ou, no seu caso, se compense adecuadamente ás explotacións excluídas.



Xa podes mercar o libro

**“Lidia Senra Rodríguez.
A historia dun liderado entrañable”**

de Tareixa Ledo Regal
(Edicións Laiovento)

Prezo de venda
ao público: **18 €**

Prezo especial
para afiliados
e afiliadas:

15 €

Á venda en todos os locais do Sindicato Labrego Galego

Presentacións: 24 de febreiro en Ferrol (Galería Sargadelos ás 20:00, organiza a Asociación Fuco Buxán); 25 de febreiro en Betanzos (máis info. no 981 773 377); o 11 de marzo na Mariña (Vilamor, Mondoñedo); o 18 de marzo en Vedra (Biblioteca pública, ás 19:30, organiza a Asociación Berenguela para a Igualdade); o 15 de abril en Lugo (Centro Cultural Uxío Novoneyra, ás 16:00 horas).

Un congreso para renovar a aposta do SLG por unha viticultura social

O viticultor de Valdeorras, Manuel Docampo, foi reelixido responsábel do sector pola Dirección do Viño

O Sindicato Labrego Galego celebrou, o 29 de xaneiro en Ribadavia (Ourense), o Congreso do Viño para definir as bases do seu traballo para os vindeiros catro anos e, a maiores,

para elixir ao novo responsábel e Dirección Nacional do sector. Respecto disto último, saíu reelixido Manuel Docampo, viticultor de Valdeorras que desempeñou esta

responsabilidade durante os últimos catro Xunto a el, a Dirección Nacional do Viño do SLG escolleu como vice-responsábel a unha viticultora do Salnés: Elisa Buceta Domínguez.

En canto á Dirección Nacional do Viño do Sindicato Labrego, foi escollida pola afiliación nas asembleas locais que precederon ao congreso. Intégrana as seguintes persoas:

■ **Salnés:** Elisa Buceta Domínguez e Benigno Barral Güimil.

■ **O Rosal:** Raquel Lomba González, María do Carme Miranda Pulido, Venancio Crusat Lorenzo e Ramón Verde Rodríguez.

■ **Monterrei:** Francisco Pérez Diéguez e Antón Alonso Rodríguez.

■ **O Ribeiro:** Bernardo Estévez Vilar, Antonio Míguez Amil e Avelina Cougil Diéguez.

■ **Valdeorras:** Manuel Docampo Paradelo, María Ángeles Pérez Pato, Cristina Dafos Gómez e Antonio García Fernández.

■ **Lugo:** Primitivo Lareu López, Ángeles Vázquez Noguero e Álvaro Rodríguez González.



De arriba a abaixo, e de esquerda a dereita: a Dirección Nacional do Viño do SLG, Manuel Docampo e Elisa Buceta.

Defensa de consellos reguladores e mesas sectoriais

Grazas ao rico debate que houbo no congreso, fixéronse varias engádegas que enriqueceron o texto orixinal do relatorio. Unha das principais tivémola no apartado de "Ligar o viño ao territorio"; nela, deféndense ás mesas sectoriais "como entes representativos do sector e lugar de interlocución entre a administración, os produtores e produtoras e as adegas" e aos consellos reguladores pola súa función "de control, certificación e promoción".

O engadido continúa dicindo que "os consellos reguladores e as mesas sectoriais deben ter un papel fundamental na defensa e articulación social do sector; traballando para adaptar a normativa europea ás condicións galegas, desenvol-

vendo medidas de control da produción e da entrada de uva foránea, potencian- do as marcas de calidade, e favorecendo a consolidación e a actuación das organizacións representativas como interlocutores indispensábeis".

En canto ao papel do Sindicato Labrego respecto dos consellos reguladores, o novo texto di que o SLG fomentará naqueles que sexa preciso "o debate sobre a reforma da normativa e regulamentos de funcionamento para adaptalos a realidade actual do sector".

A maiores, "o SLG defenderá os consellos reguladores e as mesas sectoriais diante de determinados intereses corporativos que pretenden desprestixialos ou baleiralos de contido, para deixar aos

produtores e produtoras totalmente a mercé das decisións das grandes industrias e comercializadoras do viño".

No mesmo apartado, o SLG demanda "a regularización do rexistro vitícola da Xunta, do rexistro de parcelas inscritas nos consellos reguladores e do rexistro da propiedade, de xeito que sexa coincidente e que non sigan culpando aos viticultores e viticultoras do que é responsabilidade da Administración. Unha vez regularizadas as plantacións e os dereitos, cada viticultor e viticultora contará cunha tarxeta na que consten as súas viñas, que deberá acompañar xunto co DNI a persoa que entregue uva na adega, debendo garantir os órganos de control o bo uso deste documento".

A afiliación reclama unha volta ás raíces orixinarias das asociacións e cooperativas

Tamén se fixo unha aposta decidida por promover o viño de colleiteiros e colleiteiras a todos os niveis

Ao final do segundo capítulo, que está centrado na definición do modelo social de viticultura, creouse un novo apartado que fai referencia ao asociacionismo e ao cooperativismo. Neste, a afiliación do SLG defende “a volta ás esencias e aos principios que inspiraron a creación das cooperativas e as asociacións, onde as rendas e os problemas dos e das cooperativistas e/ou socios/as sexan a principal preocupación, poñendo en práctica o modelo social de democracia participativa, potenciando o relevo xeracional na viticultura, no lugar de comportamentos propios de sociedades anónimas”.

Hai outra engádegas na que o SLG se compromete a demandar da Consellaría de Medio Rural que os contratos

homologados se adapten á Lei de Morosidade, o cal obrigaría ao pagamento da uva nun prazo máximo de trinta días. A regulación das marxes comerciais, partindo dun prezo mínimo que cubra os custos de produción e o traballo; ou a petición de que as axudas sexan para as pequenas e medianas explotacións labregas e non para os grandes grupos económicos que operan no sector; tamén se incluíron, a maiores, no texto final.

■ Defensa de colleiteiros e colleiteiras

No capítulo referente á comercialización do viño de colleiteiros e colleiteiras, o SLG comprométese a pedir que as campañas promocionais non vaian só dirixidas a países terceiros, senón que

se fagan tamén no mercado interno galego e da UE; e a estudar novas vías de promoción e comercialización. A maiores, “o SLG instará ás consellarías competentes a recoñecer a figura de colleiteiro/a, que fagan normas máis flexíbeis e simplifiquen a burocracia para estas pequenas adegas”.

■ Da incineradora do Ribeiro ao quencemento global

A maiores, aprobáronse dúas resolucións que se engadiron ao relatorio. Unha de carácter global, referida ao cambio climático; e outra de tipo local, sobre o proxecto de construír unha incineradora de lixo no Ribeiro.

Do cambio climático, amais de denunciar as desastrosas consecuencias que está a ter a escala planetaria, se

incidiu nas súas manifestacións locais no sector, con pragas que antes non existían (araña roxa ou peste negra -*Black Rot*-), adiantamento dos xermolos, xeadas serodias, sarabias no remate da primavera, encharcamentos no inverno, trebóns e secas moi delongadas no verán. Así, o SLG instará aos poderes públicos e privados con responsabilidades no cambio climático a que tomen medidas serias a favor da sustentabilidade.

No eido local, a afiliación do Sindicato Labrego acordou oporse á construción dunha incineradora de lixo no Ribeiro polo enorme impacto contaminante que pode ter sobre unha denominación de orixe que, nos últimos anos, estaba a recuperar o prestixio perdido.

O SLG pide a retirada de sancións e mellora de controis en Rías Baixas

A raíz das sancións que o consello regulador de Rías Baixas vai impor a varios viticultores e viticultoras polo exceso de uva, o responsábel do sector do viño do SLG, Manuel Docampo, dirixiu senllos escritos ao presidente do consello e á Consellaría de Medio Rural explicando que “esta medida supón culpar aos viticultores e viticultoras dun incumprimento que, en certa medida, ten que ver con carencias do propio órgano de control, que permite que sexan as adegas as que custodien as tarxetas que deberían acompañar ao viticultor/a ou persoa que entrega as uvas na adega, xunto ao DNI do/a titular, debendo comprobar que coinciden ambas identificacións. Con cada pesada, o vedor debería advertir dos quilos que lle restan para completar a cantidade que ten asignada. O órgano de control debe controlar e garantir o bo uso da tarxeta como único documento acreditativo da procedencia das uvas.

Tampouco é normal que a administración sancione sen ser quen de solu-

cionar primeiro cuestións que son da súa competencia, como é a regularización do rexistro vitícola da Xunta, do rexistro de parcelas inscritas nos consellos reguladores e do rexistro da propiedade, de xeito que sexan coincidentes e que non sigan culpando aos viticultores/as do que é responsabilidade da administración e/ou do consello regulador.

Tras expor isto, o documento solicita que deixen sen efecto as sancións e que se poñan os mecanismos para que exista verdadeiro control da entrada de uva e do bo uso da tarxeta, así como que se regularicen todos os rexistros de xeito que sexan coincidentes”.



Petición directa á Ministra de Agricultura para protexer as nosas uvas

O 19 de xaneiro, as organizacións agrarias galegas mantiñan un encontro coa Ministra de Agricultura, Rosa Aguilar, en Compostela. Nel, o secretario dos sectores vexetais do SLG, Xosé Manuel Parente, fixo demandas que tiñan que ver co sector vitivinícola e dous proxectos de Real Decreto que está a facer o Ministerio. Un deles fai referencia á etiquetaxe e comercialización, e só contempla como variedade de uva protexida a Albariño para viño etiquetado fóra. Dende o SLG pediuse que, a maiores da protección da caste Albariño, cómpre protexer tamén outras variedades autóctonas de Galiza, como Treixadura e Godello.

O segundo decreto refírese a un plan de apoio e impulso ao sector vitivinícola español no cal se autoriza o uso de variedades autóctonas de Galiza noutras comunidades, como por exemplo, Albariño en Castela e León. O SLG amosoulle a Aguilar a súa oposición a isto e anuncioulle que presentará alegacións a ambos decretos.

O SLG pide axudas para a xente afectada polo nematodo do piñeiro

O apoio da Xunta debería contemplar a perda de lucro para as masas árboreas máis novas

A finais do ano 2010 declarouse un foco positivo de afectación do nematodo nunha masa de piñeiros do concello de As Neves (Pontevedra), o que fixo establecer unha zona de corentena que


abarca unha área 20 quilómetros de radio dende o punto afectado, e unha zona de erradicación nos primeiros 1,5 quilómetros. O SLG reclámalle á Xunta eficacia á hora de paliar as perdas provocadas.

Dende a entrada de *Bursaphelenchus xylophilos* no país veciño e a contaminación da zona norte do mesmo, sabíase que máis tarde ou máis cedo acabaría por aparecer nas masas de coníferas de Galicia este nematodo que afecta aos canais resiníferos das árbores, producindo a súa seca. Trátase dun organismo non apreciable a simple vista, que se vale dun insecto coleóptero (*Monochamus galloprovincialis*) para trasladarse de forma natural dunha árbore a outra.

Na Unión Europea hai directivas e decisións, bastante restritivas, que catalogan ao nematodo do piñeiro como organismo de corentena e establecen as medidas a tomar polos estados membro para prever a introdución e evitar a súa propagación. Estas directivas e decisións, xunto coa normativa estatal, vanse traspoñer nun decreto que ven de publicar a Consellaría do Medio Rural e no que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo.

Se ben, na loita contra o nematodo, hai que actuar segundo as medidas aprobadas pola Comisión e o Consello europeos; dende o SLG, cremos que a sucesión de ordes, resolucións, instrucións e comunicados emanados da Consellaría deron lugar a confusión entre os/as propietarios/as da zona demarcada, e fixémoslle chegar as nosas propostas nos distintos foros onde se debateu o estado actual e futuro da loita contra a praga.

Entendemos a importancia dunha pronta actuación e



Mapa que amosa a expansión do nematodo do piñeiro, dende a súa orixe nos EE.UU., pasando por Xapón (1930) e Portugal (1999)

a necesidade de establecer normas e protocolos que aseguren a contención da praga que, de espallarse, pode supoñer unha importante

mingua das masas forestais de piñeiro existentes no país e provocar fortes perdas económicas no sector e nas xentes afectadas.

A Administración debe artellar mecanismos para que non caia o prezo da madeira

En base ao devandito, o SLG solicitou maior información para as persoas afectadas, e reclamou que ningunha quede excluída da declaración de utilidade pública.

Tamén pediu que se contemplen axudas para tódalas/os propietarias/os, tanto para quen realice as cortas polos seus medios como para quen teña fincas nas que sexa a administración a que actúe. Estas axudas deben atender a todos os labores de eliminación de árbores coníferas e contemplar a perda de lucro naquelas masas inmaduras que teñan que ser cortadas como consecuencia do positivo por *Bursaphelenchus xylophilos*.

A administración debe poñer os medios necesarios para que non caian os prezos da madeira en pé, por prácticas abusivas (no menos dos casos) e pola obriga das industrias de facer un tratamento especial á madeira para evitar a propagación do nematodo no tránsito de produto transformado. Tamén se pediu unha simplificación da burocracia en todo neste proceso.

A Administración Galega aínda non detallou como será xestionada a parte da partida orzamentaria europea correspondente a Galicia, específica para a loita contra o nematodo do piñeiro no Estado Español. Dende o Sindicato Labrego Galego, seguiremos de preto o desenvolvemento e aplicación desta declaración e as consecuencias que poidan ter nas persoas e nos nosos montes.

Unha praga orixinaria dos EEUU que veu dende Portugal

A praga do nematodo do piñeiro debería facernos reflexionar sobre as consecuencias do mundo globalizado. Cando facemos unha repoboación cunha especie foránea ou exportamos produto derivado da madeira, estamos a transportar toda unha serie de fauna, flora, virus, bacterias, fungos... asociados.

Galiza importa e exporta produtos madeiros idénticos nun volume considerable; tamén exporta, de cotío, produto de primeira transformación para importar, despois, o produto final. E todo iso sen esquecer a cantidade de hectáreas cultivadas con eucalipto, piñeiro de Oregón, piñeiro insigne, carballo americano, paulonia, as zonas invadidas de acacias, etcétera. Todo isto en detrimento das especies autóctonas, do uso da materia prima local e da venta nos mercados de proximidade.

Estas prácticas traen como consecuencia a presenza de pragas e enfermidades doutras áreas xeográficas que se atopan nun novo espazo, sen inimigos naturais e con abundante "terreo" que colonizar.

É ben distinto a loita contra a praga dunha especie autóctona como a pulguíña do carballo, na que os coidados culturais axeitados e o fomento dos inimigos naturais do insecto poden servir para manter a poboación baixo o limiar de danos, á loita de erradicación do nematodo do piñeiro, que no seu territorio de orixe so afecta a árbores mortas e aquí pode destruír masas enteiras.

A Secretaría das Mulleres chegou as súas propostas para a cotitularidade

Cumpriu así coa encomenda do grupo interministerial da titularidade compartida nas explotacións agrarias

A Secretaría das Mulleres do SLG presentou no Ministerio de Agricultura unha serie de propostas para o desenvolvemento do proxecto de lei sobre cotitularidade nas explotacións

agrarias e gandeiras. Deste xeito, a Secretaría das Mulleres do SLG seguiu a encomenda acordada na xuntanza co grupo interministerial de titularidade compartida en explo-

tacións agrarias, celebrada o 20 de decembro de 2010 en Madrid, na que estiveron presentes os ministerios de Xustiza, Economía, Traballo, e Sanidade, amais do de Agricultura.

Por unha banda, o proxecto de lei sobre a cotitularidade das explotacións agrarias ten o obxectivo de promover todos os cambios lexislativos para a plena igualdade das mulleres e dos homes neste ámbito, o cal afectaría a máis de 400.000 mulleres agricultoras en todo o Estado -35.000 na Galiza- hoxe consideradas "colaboradoras" ou "axuda familiar", que deberían pasar "por defecto" a ser cotitulares, cos mesmos dereitos e obrigas có cotitular masculino.

Na nosa sociedade, en xeral, e tamén no medio rural, seguen estando moi presentes valores patriarcais e discriminatorios cara ás mulleres, que hai que ter en consideración. Estes valores impiden, ao noso xuízo, que a solución definitiva a este problema poda deixarse en mans de pactos "baseados na autonomía da vontade", ou o que é o mesmo, que os homes lles dean permiso para o acceso das mulleres á igualdade de dereitos.

Non existe ningún tipo de risco nesta proposta de inclusión por defecto, da cal xa existen precedentes a nivel da Unión Europea e poden recoñecerse, a posteriori, outro tipo de situacións debidamente xustificadas; e tampouco se propón que a titularidade compartida se amplíe ás mulleres que non traballan profesionalmente nas explotacións, pero si ás que xa hoxe comparten traballo e compromisos co titular masculino.

Estase promovendo un recoñecemento do que xa

existe na realidade, feito que ten que terse en conta á hora de establecer totalmente a gratuidade deste proceso. O Ministerio ten que comprometerse a que este trámite estea exento de calquera pago pola transmisión ou a incorporación efectiva das mulleres aos dereitos.

■Recoñecemento da realidade existente.

Trátase, en definitiva, de recoñecer unha realidade existente: miles de explotacións agrarias nas que hai unha muller e un home traballando, pero nas que só o home como titular ten os dereitos recoñecidos, poñendo en marcha todos os cambios para lograr o antedito recoñecemento en igualdade das dúas persoas físicas.

O recoñecemento a unha parte igualitaria nos ingre-

sos (promovendo os cambios fiscais pertinentes), nos dereitos de produción (e que en caso de liquidación desa titularidade compartida poda, efectivamente, cada unha das partes dispor deses dereitos individualmente), nas axudas que reciben as explotacións (idem), na posibilidade de xestionar e representar ás explotacións, en todo tipo de dereitos que teña o titular actual da explotación (exencións e incentivos diversos, como os beneficios fiscais nas transmisións e herdanzas ou a bonificación do gasóleo, dereitos sobre arrendamentos, usufructos, expropiacións, servidumes, augas, seguros, etcétera; en definitiva, en todo tipo de dereitos e obrigas en materia civil, mercantil, materia laboral e seguridade social, fiscal,

penal ou administrativa que hoxe teña o titular). Coa titularidade compartida débese garantir que as axudas da Política Agraria Común (PAC) e, en xeral, todas as axudas públicas cheguen ao 50%.

■Non vale con crear unha nova figura societaria.

En todo caso, a posibilidade de resolver esta cuestión a través dunha figura xurídica societaria similar ás actuais será un novo intento falido por moitos motivos: ata o momento demostraron a súa ineficacia nesta materia, pola súa complexidade, porque finalmente se se presenta como opcional a súa creación excluírá ás mulleres con maior vulnerabilidade e ás que estean en relacións menos igualitarias.

Si aos incentivos do 50% á Seguridade Social, pero sen límite de idade

En canto á Seguridade Social, estamos a favor dos incentivos do 50% da cotización das mulleres, pero consideramos que se deben eliminar as limitacións de idade, posto que deixan fóra ás mulleres con máis anos, un colectivo con claras dificultades para incorporarse ao mundo laboral e á cotización. Pensamos que, en calquera caso, os incentivos e as axudas deben estar adxudicadas en función de criterios de xustiza social.

Debido ás dificultades económicas da agricultura e a gandería actuais, e á situación de desigualdade das mulleres, que fai que, cando non hai recursos, sexan as primeiras que abandonan a cotización, fanse necesarias medidas de discriminación positivas. Estas medidas poden consistir, por exemplo, en que a cotización sexa en

función dos ingresos ou, no seu defecto, no establecemento de axudas para afrontar o pagamento da Seguridade Social, así como arbitrar procedementos para cubrir algunha lagoa de cotización ou algún ano que falte para cobrar prestacións sociais, como a de xubilación ou outras.

Dende a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, fixémoslle chegar ao Ministerio todas estas propostas, así como a nosa dispoñibilidade a colaborar para que a titularidade compartida sexa unha realidade.

Temos o convencemento de que esta proposta non só é positiva en termos de visibilidade e de recoñecemento de dereitos en igualdade, senón en termos de xerar emprego, feito este tamén que debe ser posto en valor.

Axudas para implantar servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións

Axudas para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións agrarias. A data límite para a implantación ou inicio da actividade desde que se solicita a axuda será o 30 de setembro do ano da convocatoria. A solicitude de axudas presentárase anualmente de acordo coa correspondente convocatoria.

Axudas para promover o sector vitivinícola en mercados de países terceiros

Axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros para o ano 2011. O prazo de presentación de solicitudes remata o 1 de marzo de 2011.

Axudas para compensar os gastos de identificación do gando equino

Axudas para compensar parcialmente os gastos derivados da identificación dos animais da especie equina que se manteñen nos montes galegos en réxime de liberdade ou semiliberdade. A axuda financia o custo da identificación, incluídos o dispositivo electrónico, a aplicación clínica e a emisión dos documentos, dos équidos mantidos en réxime de liberdade ou semiliberdade nos montes de Galicia, agás os animais de abasto menores de 12 meses. O prazo de presentación de solicitudes remata o 28 de febreiro de 2011. Para máis información, poden consultar nas oficinas do Sindicato Labrego Galego.

Prórroga dos arrendamentos rústicos históricos

Os arrendamentos rústicos históricos amparados pola Lei 3/1993 veñen de ser prorrogados até o 31 de decembro do ano 2015. Máis información nos locais do SLG.

Axudas á incorporación de activos agrarios e para a mellora da sustentabilidade das explotacións

Axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios. O prazo de solicitude remata o 28 de febreiro de 2011. Máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

Axudas para mercar maquinaria agrícola nova

Axudas para a renovación do parque de maquinaria agrícola de Galiza para o ano 2011. A finalidade destas axudas é o desmantelamento de tractores e máquinas automotrices agrícolas vellas e a súa substitución por novos tractores e novas máquinas que, ao estaren equipadas con modernas tecnoloxías, melloran as condicións de traballo, teñen unha maior eficiencia enerxética e producen menor impacto ambiental. O prazo para solicitar estas axudas remata o 4 de abril de 2011.

Axudas da Política Agraria Común (PAC 2011)

Pagamentos directos á agricultura e á gandaría, e axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011. O prazo de solicitude destas axudas remata o 30 de abril de 2011.

Axudas no sacrificio obrigatorio de animais (bovino, ovino-cabrún)

Orde do 29 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións, axudas de compensacións complementarias e axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrún que teña por obxecto a reposición das reses, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais. O prazo para a solicitude destas indemnizacións e axudas está aberto até o 21 de Novembro de 2011.

Programa de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo

Orde do 31 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. O prazo para presentar solicitudes remata o 21 de febreiro de 2011.

Curso de Benestar Animal en Boqueixón, na segunda quincena de febreiro. Infórmate no local comarcal de Compostela - 981 588 532.



Asegura a túa explotación racionalmente, con só o que necesitas:



- Seguros de recollida de animais mortos: cobros por banco ou en efectivo.
 - Seguros de accidentes para o gando: solicita información no teu local.
- Condicións económicas interesantes e cómodos pagos

Compra - Venda - Troco

Véndense

-40 rulos de herba seca.
Chamar ao 982 176 748.

Véndense

-Parrulos (patos). Preguntar por Manuel no 661 586 023.

Véndese

-Explotación de horticoltura inscrita no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, situada en Pontearreas (Pontevedra). Superficie total: 6.600 m2. Instalacións: invernadoiros (2.000 m2), galpón e baño (40 m2), depósito de auga (30 m3) e pozo. Preguntar por Roberto no teléfono 652 665 350

Véndense

-Circuito de muxido de 5 puntos.
-Rulos de rilo e herba seca.
Chamar aos números de teléfono 659 213 085 e 981 196 888

Véndense

-Tractor dobre tracción con 3.300 horas. 80 CV
-Desbrozadora de 1,60m dous anos.
Chamar ao 667 469 962

Véndese

-Land-Rover corto 2500.
-Mitsubishi corto 2500.
Con revisión recen pasada.
Preguntar por Martín no teléfono 648 911 341

Véndense

-Pisón de 190 cms. con rodas.
-Ringleirador de correas súper 160.
Chamar aos números de teléfono 981 788 693 e 626 591 251

Véndese

-Mel totalmente ecolóxico. Sen ningún tipo de aditivos. Zona da Mariña.
Preguntar por Xosefa no teléfono 608 920 360.

Véndese

-Persiana metálica de 3 m. de alto e 3'5 m. de ancho.
Preguntar por Remedios no teléfono 691 997 142

Véndense

-Sementes de cogomelos para cultivo. En Salvaterra de Miño (Pontevedra).
Preguntar por Miguel Ángel en miguel_arm187@hotmail.com ou no teléfono 600 922 101

Véndense

-Tanque de frío de 250 litros.
-Segadora rotativa de dous discos e 1,85 de traballo
Chamar ao 982 154 274

Véndense

-Lampreas do río Miño
Preguntar por Esteban no teléfono 656 544 060 ou escribir ao correo esgesva@hotmail.com

Véndense

-Rulos de herba seca (Lugo).
Chamar ao 646 665 896

Véndese

-Mazo eléctrico de ferreiro. (Lugo).
Chamar ao 982 150 232

Véndese

-Desensiladora de dobre coitela con poldro acabada de reparar. Zona de Friol.
Chamar ao 982 183 019

Véndese

-Xovencas frisonas próximas ao parto libres de BVD, IBR, etc. Preguntar por Aurora nos teléfonos 680 660 961 e 982 313 052

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense

-Quad Suzuki LTZ 250, ano 2007, con cambio semiautomático, transmisión por cardan (de baixo mantemento), separadores traseiros, grellas de aluminio, escape de inox e cubremanetas. Particular. Impecable. Mellor ver (1.000 Km). Prezo: 2.000 €.
Chamar ao 661 808 545

Véndense

-Rotoempacadora CLAAS Variant 280, ano 2004, Pic-uk 2'10 ancho, rodas 400. En moi bo estado.
-Repartidor de esterco Herculano, ano 2001, 6.500 quilos, 4 rodillos verticais, roda 400. En moi bo estado.
Na zona da Limia.
Chamar ao 661 736 998

Véndese

-Carro mesturador con fresa. Zona Curtis.
Chamar ao 650 158 948

Véndense

-4 silos de chapa e patas galvanizadas con capacidade para un tráiler de penso. En Rairiz de Veiga.
Preguntar por Manuel no número de teléfono 600 603 338

Véndense

-Pacas pequenas de herba seca na zona de Touro.
Chamar ao 676 463 128

Véndese

-Herba seca. En Cospeito.
Chamar aos números de teléfono 610 472 095 e 982 505 798

Véndense

-Rolos de herba seca.
Chamar ao 659 643 489

Véndense

-Remolque tradicional.
-Autocargador Pottinger.
-Silo Profi.
-Tanque de frío Alfa Laval de 3.800 litros.
-Pisón.
En Sobrado dos Monxes.
Chamar ao 630 883 662

Véndense

-Sala de muxir MIELE, liña alta 4 puntos, dous medidores porcentuais.
-Tanque de frío tipo bañeira (1.060 litros) marca JAPI.
Zona Betanzos.
Preguntar por Francisco no teléfono 689 005 541.

Véndese

-Herba Seca
Chamar aos números de teléfono 986 68 18 29 e 639 683 278.

Véndense (por xubilación)

-Remolque autocargador Lacasta P11
-Cisterna Carruxo 4.000 litros
-Silo para penso 6.000 quilos dividido en dous
-Tanque para leite Packo 800 litros
-Circuito Manus 4 puntos
-Sulfatadora para tractor
-Rotoempacadora carro Mascar 120
-Preguntar por Raúl no teléfono 982 312 200 (Castroverde)

Véndese

-Carretilla sulfatadora de 2 rodas (100 litros). Na zona de Betanzos.
Chamar ao 696 977 740

Véndense

-Autocargador Santini
-Tanque de leite de 550 litros (zona de Chantada)
Chamar ao 657 397 499

Véndese

-Cisterna de 3.000 litros.
Chamar ao mediodía ao teléfono 982 313 084.

Véndense

-Cabras en Vereá (Ourense).
Chamar ao 646 098 727

Véndense

-Galifñas piñeiras e pitos piñeiros.
Chamar ao 981 500 608. (Arzúa)

Véndense

-Circuíto de 3 puntos Alfa Laval.
-Tanque do frío de 550 litros marca JUPPY
Chamar aos teléfonos 660 485 856 ou 619 087 727 (Boimorto).

Véndense

-Xovencas.
-Tanque de frío de 3.000 litros.
-Lavadora Alfa Laval.
-Separadores de cubículos.
En Portomarin (Lugo).
Preguntar por Sandra nos teléfonos 697 422 304 e 982 157 768

Véndense

-Cachorros de Mastín dos Pirineos e Mastín Español.
Preguntar por Paco no teléfono 626 194 490

Véndese

-Egua, cruce hispano-árabe, moi mansa, vale para calquera persoa.
Chamar ao 660 606 081

Véndese

-Sala de muxido Magnus de 2'5, con retirada automática, medición e estrutura. Bo estado e bo prezo.
Chamar aos números de teléfono 661 332 991 e 661 332 970

Véndense

-Autocargador Lascasta 22 m. En bo estado (zona de Xallas).
Chamar ao 981 894 317.

Véndense

-11 xovencas e cuxas pequenas por cese de actividade (Cesuras).
Chamar ao 981 790 233

Véndese

-Adubo xa compostado de explotación de gando vacún en San Amaro (Ourense)
Preguntar por David no teléfono 646 074 892

Véndese

-Cisterna marca "Magal" 2.500 litros en bo estado. (Barreiros)
Chamar ao 629 324 129

Véndese

-Silo de 8.000 quilos, dividido.
Tanque de frío de 750 litros.
Preguntar por Ánxeles ou Lalo no 982 137 620

Véndese

-Fresadora Agrator de 1'60, reforzada.
-Segadora BCS.
Chamar ao 690 376 048 (Oroso)

Véndense

-Plantas de feixoa en maceta. Varios prezos segundo tamaño.
Chamar ao 620 524 197

Véndense

-2 bois de dous anos de idade (Cerdido)
Chamar aos teléfonos 607 619 326 ou 981 417 378

Véndense

-27 ovellas e 2 machos en Baños de Molgas (Ourense)
Preguntar por Constantina no 669143494

Véndense

-Xovencas preñadas e becerras de raza vianesa, inscritas no libro xenealóxico de razas autóctonas en perigo de extinción (Lousame).
Preguntar por Fernando no teléfono 679 192 242.

Véndese

-Tractor marca Lamborghini 1050 (Seminovo)
Preguntar por Ánxeles no teléfono 988 442 057 (Allariz)

Véndense

-Rulos de herba seca (Lugo)
Chamar ao 649 147 614.

Véndese

-Enroladora John Deere 570
-Rotativa Deutz Fahr 1.95
-Autocargador JB 22m
Todo seminovo. Zona de Lugo.
Chamar aos números de teléfono 982 160 116 e 690 774 565

Véndense

-Colleitoradora de patacas(Grimmel 650)
-Desbrozadora de patacas (3 regos)
-Tractor John Deere 1635 con pala
-Regadío con motor de 14 c.v.
-Remolque(10.000 quilos)
Chamar ao 619 904 183 (Xinzo de Limia)

Véndense

-Carretillas de segunda man.
-Tolva con cinta transportadora e con velocidade regulable.
-Dúas cadeas arrincadoras de patacas Aguirre
-Pincho para cargar rolos
Preguntar por Xosé Antonio no 650 019 275 (Xinzo de Limia)

Véndense

-Mural expositor refrixerado, serie inoxidable, con: cortina nocturna, iluminación superior, catro niveis de estantes, dimensións (1975 de longo x 632 de ancho x 2007 de altura), control dixital
-Sistema de refrixeración de cámara de conservación.
Preguntar por Luísa no 660 411 577 ou no 671 631 153

Véndense

-Autocargador Class.
Preguntar por María Xesús no 629 927 005 (Compostela)

Véndese

-Coche sen carné (en Lugo)
Chamar ao 653 204 315

Véndense

-Tanque de frío de 330 litros.
-Circuíto de 3 puntos Alfa Laval.
-Rulos de herba.
Chamar ao 981 694 167 (Mesía)

Véndense

-Dúas limpadoras de cereal.
-Arado gravante.
-Muíño de cereal eléctrico
Chamar ao 982 175 132

Véndense

-Herba seca en rolos e alpacas grandes.
-Tanque de frío (1.780 litros) con lavado automático e trifásico.
Por xubilación (en Betanzos)
Chamar ao 696 105 786

Véndense

-Licor café de moi boa calidade (método tradicional e ingredientes naturais).
-Augardente branca e augardente de herbas de uva de boa calidade e bo grao.
Chamar ao 678 085 696

Véndese

-Máquina de mallar marca Campelo (antiga) zona de Touro.
Preguntar por Manuel a partir das 20:00 horas, no 981 191 327

Véndense

-30 vacas frisonas
-20 xovencas.
Por xubilación (A Estrada).
Chamar ao 986 586 713

Véndense

-Maceiras de sidra
-Mesa con plantón ecolóxico e castes do país. (En Chantada)
Chamar ao 655 698 299

Véndense

-Rulos de silo.
-Autocargador BONINO con rotativa.
-Silo de penso de 4.000 quilos, con división interior, en bo estado.
Chamar ao 981 790 331.

Véndense

-Tanque de frío Stork, capacidade 500 l. Bo estado. Prezo 300€
-Circuito marca ALFA-LAVAL 3 puntos, Bo estado. 650€
Chamar ao 982 144 078 ao mediodía ou á noite

Véndese

-Tractor Class 110 cv, de 3 anos.
-Ringleirador marca KUN.
-Circuíto de 3 puntos.
-Ventilador para as cortes.
-Silos de penso de 5.000 e 2.000 quilos. (Zona Compostela)
Chamar ao 677 244 325

Véndese

-Viño e augardente do país.
Chamar ao 986 689 486

Véndense

-Becerras Limousinas.
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733

Véndense

-Colmeas
Chamar ao 648 187 857

Véndense

-Tractor Deutz Fahr Agrotone, 120 CV, pa de 4 botellas, cazo, forquita, inversor hidráulico, aire acondicionado, 4 rodas novas, 4 marchas hidráulicas e 6 grupos, para cambiar por un máis potente.
-Remolque de tractor preparado para bolas de herba
-Coche Audi 80 1.8 E
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260 (Paradela-Lugo)

Véndese

-Rotoempacadora NEW HOLLAND de cámara fixa con pick up 2.10. En bo estado.
Chamar aos números de teléfono 981 790 333 e 616 356 436

Véndense

-Fresadora inglesa reforzada (1,30 de ancho).
Fresadora de latiguiño, seminova.
-Arado de 5 regos.
-Gancho transportar os rolos.
-Sala de muxir de 2 puntos, con motor 2 CV (trifásica)
-2 caldeiros de muxido de 24 litros cada un.
-Tanque de frío PORTINOX 500 litros (trifásica)
-Cargador de batería
-Chave inglesa extra-grande
-Outras ferramentas
Chamar ao 981 798 681

COMPRAS

Mércase

-Invernadoiro de segunda man. Mínimo 500 m2.
Chamar ao mediodía aos números de teléfono 653 960 162 ou 986 586 984.

Mércase

-Segadora para acoplar ao terceiro punto do tractor. En Rairiz de Veiga.
Preguntar por Manuel no teléfono 600 603 338.

Mércase

-Herba seca. Na zona de Oza dos Ríos.
Chamar ao 689 532 023.

Mércanse

-Gavelador de herba
-Segadora de herba
-Preguntar por Manuel no 600 603 338 (Rairiz de Veiga)

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Ofrezo

-a cambio de coidados, 25 hectáreas de terra no Concello de Castroverde, para instalarse unha parella na actividade agraria e vivenda para compartir
móbil 982 312 386

Ofrécese

-Traballador para explotación agraria.
Preguntar por Manuel Loureiro no teléfono 986 586 667.

OUTROS

Alúgase

-Queixería totalmente equipada con cuba de 1.000 litros. Tamén se vende a maquinaria da queixería. En Guitiriz (Lugo).
Chamar ao 628 980 806

Alúganse

-Fincas na zona de Mesía.
Chamar ao 981 694 167

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Alerta na sementeira de millo no 2011!!

Unha das ameazas máis sérias coas que nos enfrontamos labregas e labregos, e a sociedade, son os transxénicos. Agora, está empezando unha forte presión para que sementemos millos transxénicos. Ofrecemos algunhas das razóns polas que o SLG recomenda **non sementar millo transxénico**:

1. Dependencia. As variedades transxénicas están patentadas e ninguén pode gardar sementes para resemantar. Ademais, a través do pole contaminan. Corremos o risco de que, se alguén sementa ao noso carón e o noso millo se contamina, a empresa propietaria da patente do millo que nos contamine nos demande, podendo condenarnos a pagar importantes sumas.

Tamén nos farán dependentes do paquete agrotóxico que subministra a mesma empresa que manipula a semente.

2. É unha tecnoloxía cara. É posíbel que agora, para introducir estas sementes, as coloquen no mercado a prezos similares ás sementes normais. Mais cando se expandan contaminando, os prezos van cambiar, **porque estamos falando de sementes artificiais que se conseguen en laboratorios introducíndolles xenes doutras especies diferentes. Trátase de conseguir artificialmente algo que nunca ocorrerá na natureza, como é cruzar especies diferentes, por exemplo un peixe cun tomate.**

3. Antibióticos. No proceso de manipulación xenética utilízanse antibióticos que logo van quedar no millo e que as vacas van comer. Isto, ademais de supoñer un perigo para as persoas que logo comemos leite ou carne dos animais que inxeriron ese millo.

Tamén o comen as vacas, os becerros, os porcos, as aves, e poden volverse resistentes e non responder aos tratamentos con antibióticos fronte a mamite, pneumonías ou calquera outra enfermidade que teña ser tratada con antibióticos.

Tampouco sería descartábel a presenza de antibióticos nos alimentos que obtemos dos animais, tales como leite, carne ou ovos.

Nomes comerciais do millo transxénico MON 810

FOGGIA	DKC5784YG	KARTERYG	ES BLASON
ACCUA YG	DKC5018YG	KAVALAYG	PR31D61
ARENA YG	DKC6041YG	KURATUSYG	PR31N28
ARISTIS BT	DKC6675	LG3711YG	PR32G49
ASTURIAL BT	DKC6667YG	MAS52YG	PR32T86
AZEMA YG	ES ANTALYA YG	MAS58YG	PR32W04
BELES SUR	ES ARCHIPEL YG	MAS60YG	PR33B51
CAMPERO BT	ES MAYORAL YG	MAS71YG	PR33P67
CARELLA YG	ES CAJAUYG	PR35Y69	PR33Y72
ES PAOLIS YG	ESMILONGAYG	PR36B09	PR34N44
HELEN BT	LUSON BT	SF1035T	PR34P86
JARAL BT	KADENAYG PONCHO	SF1112T	PR35A56
EVOLIA YG	KARDANYG	SF4701T	* * *

Eu non semento millo transxénico. E ti?